

**Caderno  
de  
información  
académica**

**4º ESO**

**Curso  
2019 - 2020**

**Mónica Diz Besada**

**[www.monicadizorienta.blogspot.com](http://www.monicadizorienta.blogspot.com)**

# ÍNDICE

<b>Criterios de titulación na ESO LOMCE</b>	<b>4</b>
<b>Opcións despois de 4º de ESO</b>	<b>6</b>
<b>O Bacharelato</b>	<b>7</b>
<b>Os Estudos universitarios</b>	<b>13</b>
Títulos de Grao	14
<b>Os ciclos de Formación Profesional</b>	<b>16</b>
Admisión nos ciclos de Grao Medio	17
Probas de acceso a ciclos de Grao Medio	22
Acceso ós Ciclos de Grao Superior	24
Oferta de Ciclos de Formación Profesional	29
<b>As Ensinanzas de Réxime Especial</b>	<b>33</b>
Ensinanzas de Música	33
Ensinanzas de Danza	34
Arte Dramática	35
Ciclos de Artes Plásticas e Deseño	35
Conservación e Restauración de Bens Culturais	37
Estudos superiores de Deseño	38
Ensinanzas de Idiomas	39
Ensinanzas Técnico – Deportivas	40
<b>Ensinanzas para Persoas Adultas</b>	<b>42</b>
A Educación Secundaria de Adultos (ESA)	43
O Bacharelato para persoas adultas	46
Aulas Mentor	47

A ESA na modalidade semipresencial e a distancia 47

Probas libres para a obtención do título de ESO 48

**Forzas e corpos de seguridade 50**

Oposicións ó Corpo da Garda Civil 50

Oposicións a Policía Local 51

Oposicións ó Corpo Nacional de Policía 52

Oposicións ós Corpos de Institucións Penitenciarias 53


Ingreso na escala superior de Técnicos de Tráfico 54

Soldado profesional 54

Bombeiro 54

**Prazos xerais de inscrición e matrícula 55**

## O Sistema Educativo según a LOMCE:



## **Criterios de titulación en ESO LOMCE:**

### ***Criterios de titulación e repetición:***

Para obter o título de Graduado en ESO aplicaranse os mesmos criterios que para a promoción de curso:

- Os alumnos titularán cando superen todas as materias cursadas ou teñan avaliación negativa en 2 materias como máximo, sempre e cando non sexan simultaneamente Lingua Galega e Literatura / Lingua Castelá e Literatura, e Matemáticas.
- Sen prexuízo do anterior, para obter o título será necesario que o equipo docente considere que o alumno ten acadados os obxectivos da etapa e adquiridas as competencias correspondentes.
- O título de Graduado en ESO permitirá acceder ás ensinanzas postobligatorias.
- O alumnado que curse a ESO e non obteña o título recibirá unha certificación con carácter oficial e validez en toda España. Según determine a Administración educativa poderá obter convalidación dalgunha parte da proba de acceso a ciclos de grao medio ou das probas de obtención do título de graduado en ESO.
- Para os efectos deste apartado, só se computarán as materias que como mínimo o alumno debe cursar en cada un dos bloques (troncais, específicas, libre configuración).
- No bloque de materias de libre configuración autonómica só se computará Lingua Galega e Literatura, con independencia de que os alumnos poidan cursar máis materias do devandito bloque.
- As materias coa mesma denominación en diferentes cursos da ESO consideraranse como materias distintas.
- Poderase repetir o mesmo curso unha sola vez e dúas veces como máximo dentro da etapa. Cando esta segunda repetición deba producirse en 3º ou 4º, prolongarase un ano o límite de idade (ata os 19 anos).
- Excepcionalmente, un alumno ou alumna poderá repetir unha segunda vez en 4º curso se non repetiu nos cursos anteriores da etapa.

### ***Nota media da etapa:***


- A nota media da etapa será a media das cualificacións numéricas obtidas en cada unha das materias cursadas na etapa, expresada nunha escala de 1 ó 10 con dúas cifras decimais, redondeada á milésima máis próxima e, no caso de equidistancia, á superior. A estes efectos, a situación de "non presentado" (NP) na avaliación extraordinaria equivalerá á cualificación numérica obtida para a mesma materia en proba ordinaria.
- O alumnado que despois da avaliación ordinaria de xuño de 4º curso obtivera unha media da etapa igual ou superior a 9, poderá obter a distinción de Matrícula de Honra (MH). Esta distinción concederáse a un número non superior ó 5% ou fracción resultante superior a quince do conxunto do alumnado matriculado no centro educativo no cuarto curso.

- No caso do alumnado que cursara PMAR o cálculo da nota final farase sen ter en conta as cualificacións obtidas nas materias que non superase antes da data da súa incorporación ao programa, cando ditas materias estivesen incluídas nalgúns dos ámbitos.
- No caso do alumnado de incorporación tardía a cualificación final realizarase tendo en conta solamente as materias cursadas no Sistema Educativo Español.

### **Consello orientador:**

- Ao final de cada un dos cursos de ESO entregárase aos pais, nais ou titores legais de cada alumno un **consello orientador**, que incluírá unha proposta do itinerario máis adecuado a seguir, así como a identificación, mediante informe motivado, do grao do logro dos obxectivos da etapa e de adquisición das competencias correspondentes que xustifica a proposta.
- O consello orientador incluírase no expediente do alumno.

## **As opcións despois de 4º de ESO:**



### **Se tes o título de graduado en ESO:**

- Bacharelato:
  - Ciencias.
  - Humanidades e Ciencias Sociais
  - Artes
- A Formación Profesional Específica (Ciclos de Grao Medio)
- As Ensinanzas de Réxime Especial:
  - Música, Danza
  - Artes Plásticas e Deseño (Ciclos de Grao Medio)
  - Idiomas

- Ensinanzas deportivas (Adestrador deportivo)

### **Se non tes o título de graduado en ESO:**

- Ciclos de Formación Profesional Básica.
- As Ensinanzas de Persoas Adultas (ESA).
- Proba libre para acadar o título de ESO.
- Acceder aos Ciclos Formativos de Grao Medio, mediante proba e con 17 anos cumpridos no ano en que se celebran as probas.

### **Outras alternativas:**

- A Formación Ocupacional.
- A Formación non regrada.

## **O Bacharelato**

[\(Enlace para coñecer o Bacharelato en detalle\)](#)

É a última etapa da Educación Secundaria, non é obrigatoria e a súa duración é de dous cursos, normalmente entre os 16 e os 18 anos.

### **Que finalidades ten?**

- Proporcionar ao alumnado formación, madurez intelectual e humana, coñecementos e habilidades que lles permitan desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e competencia.
- Acceder a estudos Superiores: universitarios e de formación profesional.

### **Como se accede?**

- Co título de ESO.
- Co título de Técnico de Artes Plásticas e Deseño e co título de Técnico Deportivo.
- Co título de Ciclo de Grao Medio.

### **Como está organizado?**

- Dura 2 cursos académicos.
- Pódese **repetir** un máximo de dúas veces na etapa, un curso cada vez, e excepcionalmente un curso dúas veces (previo informe favorable do equipo docente). Poderás permanecer escolarizado durante catro cursos académicos.
- Repetirán 1º curso os alumnos que teñan **avaliación negativa en máis de dúas materias**. En 2º deberán matricularse das materias pendentes de 1º. Se ao rematar 2º suspendes algunha/s materia/s poderás matricularte delas sen necesidade de cursar de novo as materias superadas, ou podes optar por matricularte de todas as materias de 2º para mellorar as túas cualificacións.
- Para a **promoción** só se computarán as materias que como mínimo o alumno ou a alumna debe cursar en cada un dos bloques.
- No Bacharelato hai **probos extraordinarios en setembro** das materias nas que non se obtivo cualificación positiva.
- **Para acadar o título hai que ter superadas todas as materias.**

- Dentro de cada modalidade hai varias opcións e itinerarios. Na modalidade que escollas cursarás materias de tres tipos: **troncais, específicas e de libre configuración.**
- Poderás escoller entre **3 modalidades diferentes:**
  - Ciencias.
  - Humanidades e Ciencias Sociais.
  - Artes.
- Os períodos lectivos no bacharelato serán de **32 horas semanais.**

### ***Cambio de modalidade:***

En determinadas condicións pódese cambiar de modalidade ou de itinerario en 2º curso. Pero terás que pensalo moi ben e ter en conta que cambiar de modalidade de Bacharelato non é doado, pois estarías obrigado a cursar as materias troncais de 1º curso, ademais das de 2º. Para saber como cambiar de modalidade consulta no teu departamento de orientación.

### ***Que son os itinerarios?***

As ensinanzas de Bacharelato permítenche cursar estes estudos en función das túas preferencias: escoller unha modalidade entre tres previstas, unhas materias troncais dentro de cada modalidade e unhas materias específicas.

Estas sucesivas eleccións configuran o **teu itinerario persoal**. É necesario pois, que teñas unha idea clara do que queres estudar despois para poder deseñar o itinerario máis acorde coas túas preferencias e necesidades.

### ***Que tipo de materias terás que estudar?***

Terás 3 tipos de materias:

#### **1. Troncais:**

- Xerais: Son para todos os alumnos as mesmas, con independencia da modalidade elixida. En 1º terás que cursar 4 en 1º e 4 en 2º curso. Podes velas no cadro.
- De opción: Son dúas materias a elixir dentro da modalidade escollida.

#### **2. Específicas:** Ademais de educación física, que será obrigatoria en 1º, terás que escoller un mínimo de 2 e un máximo de 3 materias en 1º e 2º, e dependerán tamén da modalidade escollida. Tamén se pode escoller como específica unha materia troncal non escollida no bloque anterior.

#### **3. Libre configuración:** Estas materias poden ser de LC autonómica (por exemplo Lingua Galega e Literatura, que sempre haberá que elixila, e outras materias que oferta a Consellería para todos os centros). Tamén se inclúen neste apartado as materias de LC propias do centro.

As **materias de idéntica denominación nos dous cursos** (Por ex. Lingua Galega e Literatura I, Lingua Castelá e Literatura I, Matemáticas I, ...), son materias de aprendizaxe progresiva: Deberás superar a materia de 1º para poder ser avaliado da materia de 2º (ver cadro). En caso de non ter cursada a de 1º, poderás matricularte da materia de 2º sempre que o profesorado que a imparta considere que reúnes as condicións necesarias para aproveitar a materia de 2º. O normal é matricularse das dúas, e a de 1º tería a consideración de pendente.



**Cadro sobre a continuidade das materias en Bacharelato:**

1º DE BACHARELATO	2º DE BACHARELATO
Lingua Castelá e literatura I	Lingua Castelá e literatura II
Lingua Galega e Literatura I	Lingua Galega e Literatura II
Primeira Lingua estranxeira I	Primeira Lingua estranxeira II
Matemáticas I	Matemáticas II
Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I	Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II
Latín I	Latín II
Fundamentos da Arte I	Fundamentos da Arte II
Debuxo Técnico I	Debuxo Técnico II
Grego I	Grego II
Cultura Audiovisual I	Cultura Audiovisual II
Análise Musical I	Análise Musical II
Debuxo Artístico I	Debuxo Artístico II
Segunda Lingua Estranxeira I	Segunda Lingua Estranxeira II
Tecnoloxías da información e a comunicación I	Tecnoloxías da información e a comunicación II
Tecnoloxía Industrial I	Tecnoloxía Industrial II
Física e Química	Física / Química
Biloxía e Xeoloxía	Bioloxía/ Xeoloxía

**Titulación en bacharelato:**

Para acadar o título nesta etapa é necesario superar todas as materias. A nota media da etapa será a media de todas materias de 1º e 2º cursos de bacharelato.

**A que dá acceso o título de Bacharelato?**

Co título de Bacharel podes acceder ao maior número de saídas profesionais:

- Estudos Universitarios: títulos de grao , previa superación da ABAU.
- Ciclos Formativos de Grao Superior de calquera Familia Profesional.
- Estudos Superiores de Ensinanzas de Réxime Especial .
- Outros estudos: Piloto Civil, Estudios Militares Superiores, Forzas de Corpos de Seguridade, Centro Superior de Hostalería de Santiago e outras titulacións propias das universidades.

Os diferentes estudos están relacionados con cada modalidade e materias do Bacharelato, de xeito que en función do Bacharelato escollido terás máis fácil acceso a uns Graos universitarios e Ciclos Superiores de formación profesional determinados.

Se estudas un bacharelato e unhas materias relacionadas cos estudos posteriores que vas cursar, terás moitas máis posibilidades de rematar con éxito eses estudos.

Ver caderno "Itinerarios e saídas de bacharelato".

**A CONTINUACIÓN PRESENTÁMOSCHE O CADRO XERAL DAS MATERIAS DE BACHARELATO:**

**(Consulta neste enlace os itinerarios no IES A Sardiñeira)**

**ITINERARIOS DE 1º BACHARELATO LOMCE**

CIENCIAS	HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS		ARTES
<b>CATRO MATERIAS TRONCAIS XERAIS</b>			
1) Filosofía (3h) 2) Lingua Castelá e literatura I (3h) 3) Primeira Lingua estranxeira I (3h) 4) Matemáticas I (4h)	<b>Itinerario de Ciencias Sociais</b> 1) Filosofía (3h) 2) Lingua Castelá e literatura I (3h) 3) Primeira Lingua estranxeira I (3h) 4) Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I (4h)	<b>Itinerario de Humanidades</b> 1) Filosofía (3h) 2) Lingua Castelá e literatura I (3h) 3) Primeira Lingua estranxeira I (3h) 4) Latín I (4h)	1) Filosofía (3h) 2) Lingua Castelá e literatura I (3h) 3) Primeira Lingua estranxeira I(3h) 4) Fundamentos da Arte I (4h)
<b>UNHA MATERIA DE LIBRE CONFIGURACIÓN AUTONÓMICA OBRIGATORIA</b>			
Lingua Galega e Literatura I (3h)			
<b>UNHA MATERIA ESPECÍFICA OBRIGATORIA</b>			
Educación Física (2h)			
<b>DÚAS MATERIAS TRONCAIS DE OPCIÓN. ELIXIR 2</b>			
1) Bioloxía e Xeoloxía (4h) 2) Debuxo Técnico I (4h) 3) Física e Química (4h)	1) Economía (4h) 2) Historia do Mundo Contemporáneo (4h) 3) Grego I (4h) 4) Literatura Universal (4h)	1) Economía (4h) 2) Historia do Mundo Contemporáneo (4h) 3) Grego I (4h) 4) Literatura Universal (4h)	1) Cultura Audiovisual I (4h) 2) Historia do mundo contemporáneo (4h) 3) Literatura Universal (4h)
<b>MATERIAS ESPECÍFICAS. CURSAR UN TOTAL DE 6 HORAS</b>			
<div style="display: flex; justify-content: space-between;"> <div style="width: 20%;"> <p><b>Cursar entre 2 e 3 materias</b></p> </div> <div style="width: 60%;"> <ol style="list-style-type: none"> <li>1) Análise Musical I (3h)</li> <li>2) Anatomía aplicada (3h)</li> <li>3) Cultura Científica (2h)</li> <li>4) Debuxo Artístico I (3h)</li> <li>5) Linguaxe e Práctica Musical (3h)</li> <li>6) Segunda Lingua Estranxeira I (2h)</li> <li>7) Tecnoloxía Industrial I (3h)</li> <li>8) Tecnoloxías da información e a comunicación I (2h)</li> <li>9) Volume (3h)</li> <li>10) Relixión (1h)</li> <li>11) Materia troncal de opción non cursada (4h)</li> <li>12) Materia de libre configuración autonómica (2h)</li> <li>13) Materia de afondamento e/ou reforzo ou materia de LC propia do centro. O reforzo ou afondamento poderá ir a calquera materia. (Nº de Horas según disponibilidad do centro).</li> </ol> </div> <div style="width: 15%; border: 1px solid black; padding: 5px; background-color: #ffe0b2;"> <p><b>Materias de Libre Configuración autonómica:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Antropoloxía (2h)</li> <li>Literaturas Hispánicas (2h)</li> <li>Robótica (2h)</li> </ul> </div> </div>			
<b>TOTAL: 32 horas lectivas</b>			

## ITINERARIOS DE 2º BACHARELATO LOMCE

CIENCIAS	HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS		ARTES
<b>CATRO MATERIAS TRONCAIS XERAIS</b>			
1) Historia de España (3h) 2) Lingua Castelá e literatura II (3h) 3) Primeira Lingua estranxeira II (3h) 4) Matemáticas II (4h)	<b>Itinerario de Ciencias Sociais</b> 1) Historia de España (3h) 2) Lingua Castelá e literatura II (3h) 3) Primeira Lingua estranxeira II (3h) 4) Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II (4h)	<b>Itinerario de Humanidades</b> 1) Historia de España (3h) 2) Lingua Castelá e literatura II (3h) 3) Primeira Lingua estranxeira II (3h) 4) Latín II (4h)	1) Historia de España (3h) 2) Lingua Castelá e literatura II (3h) 3) Primeira Lingua estranxeira II (3h) 4) Fundamentos da Arte II (4h)
<b>UNHA MATERIA DE LIBRE CONFIGURACIÓN AUTONÓMICA OBRIGATORIA</b>			
Lingua galega e literatura II (3h)			
<b>DÚAS MATERIAS TRONCAIS DE OPCIÓN. ELIXIR 2</b>			
1) Bioloxía (4h) 2) Debuxo Técnico II (4h) 3) Física (4h) 4) Química (4h) 5) Xeoloxía (4h)	1) Economía da Empresa (4h) 2) Xeografía (4h) 3) Grego II (4h) 4) Historia da Arte (4h) 5) <i>Materia obrigatoria: Historia da Filosofía (4h).</i>	1) Economía da Empresa (4h) 2) Xeografía (4h) 3) Grego II (4h) 4) Historia da Arte (4h) 5) <i>Matetia Obrigatoria: Historia da Filosofía (4h)</i>	1) Cultura Audiovisual II (4h) 2) Artes Escénicas (4h) 3) Deseño (4h)
<b>MATERIAS ESPECÍFICAS. CURSAR UN TOTAL DE 8 HORAS</b>			
<b>Cursar entre 2 e 3 materias</b>	(1) Historia da Filosofía (4h). Materia de oferta obrigada. (2) Análise Musical II (3h) (3) Ciencias da Terra e do Medioambiente (3h) (4) Debuxo Artístico II (3h) (5) Fundamentos da Administración e Xestión (3h) (6) Historia da Música e da Danza (3h) (7) Imaxe e Son (3h) (8) Psicoloxía (3h) (9) Segunda Lingua Estranxeira II (3h) (10) Técnicas de Expresión Gráfico - Plástica (3h) (11) Tecnoloxía Industrial II (3h) (12) Tecnoloxías da información e a comunicación II (3h) (13) Relixión (1h) (14) Materia troncal de opción non cursada (4h) (15) Materia de libre configuración autonómica (2h) (16) Materia de afondamento e/ou reforzo ou materia de LC propia do centro. O reforzo ou afondamento poderá ir a calquera materia. (Nº de Horas según disponibilidad do centro)		
<b>TOTAL: 32 horas lectivas</b>			

**Materias de Libre Configuración autonómica:**

- Electrotecnia (2h)
- Ética e Filosofía do Dereito (2h)
- Filosofía da Ciencia e da Tecnoloxía (2h)
- Métodos Estatísticos e Numéricos (2h)
- Historia e Xeografía de Galicia (2h)
- Patrimonio Artístico e Cultural de Galicia (2h)
- Literatura Galega do S. XX e da actualidade (2h)

## Que é a ABAU?

ABAU significa **Avaliación de Bacharelato para o acceso á Universidade**. É unha proba de acceso á universidade que realiza o alumnado ó rematar 2º de bacharelato.

Esta proba ten como obxectivo valorar a madurez, as destrezas básicas e coñecementos disciplinares concretos, que debe acadar o estudante ao finalizar o bacharelato para seguiren con éxito as ensinanzas universitarias oficiais de Grao.

A ABAU estrutúrase en 2 partes denominadas respectivamente Parte Obrigatoria e Parte Voluntaria.

A **Parte Obrigatoria** (que hai que superar como mínimo para o acceso á universidade), consta de cinco exames das seguintes materias.

1. Lingua castelá e literatura II
2. Lingua galega e literatura II
3. Historia de España
4. Primeira Lingua Estranxeira II: Alemán, Francés, Inglés, Italiano ou Portugués (exame da 1ª lingua estranxeira cursada en 2º de bacharelato).
5. Materia Xeral de modalidade de 2º de bacharelato cursada: Artes (**Fundamentos da Arte II**), Ciencias (**Matemáticas II**), ou Humanidades (**Latín II**) e Ciencias Sociais (**Matemáticas Aplicadas ás CCSS II**).

A **cualificación** da Parte Obrigatoria será a media aritmética das cualificacións de todos os exercicios. Considerarase **superada a proba de ABAU** cando o estudante obtivese unha nota igual ou superior a 5 puntos como resultado da media ponderada entre o 60% da nota media do bacharelato e o 40% da cualificación da Parte Obrigatoria, e sempre que obtivese un mínimo de 4 puntos na cualificación media da Parte Obrigatoria.

O acceso á universidade, tanto pública como privada, para cursar estudos universitarios oficiais de Grao requirirá a superación da Parte Obrigatoria da proba de ABAU.

A **Parte Voluntaria** serve para mellorar a nota media de acceso á universidade (que se obtivo ao facer a media entre a Parte Obrigatoria e o Bacharelato). Cada estudante poderá examinarse dun **máximo de 4 materias** entre as materias do bloque das materias troncais de opción de 2º de bacharelato e as materias xerais troncais de modalidade distintas daquela da que se examinen na Parte Obrigatoria da proba:

### Materias de exame a escoller na Parte Voluntaria


Elixir un máximo de 4 materias a	CIENCIAS	HUMANIDADES	CIENCIAS SOCIAIS	ARTES
<b>Materias xerais troncais doutra modalidade</b>	Latín II Mat. Aplicadas CCSS II Fundamentos da Arte II	Matemáticas II Mat. Aplicadas CCSS II Fundamentos da Arte II	Matemáticas II Latín II Fundamentos da Arte II	Matemáticas II Mat. Aplicadas CCSS II Latín II

<b>Materias troncais de opción de calquera modalidade</b>	Bioloxía Debuxo técnico II Física Xeoloxía Química Economía da Empresa Xeografía	Grego II Historia da Arte Historia da Filosofía Artes Escénicas Cultura Audiovisual II Deseño
<b>Materia específica</b>	2ª Lingua Estranxera (Inglés, Francés, Portugués, Italiano, Alemán)	

Na Parte Voluntaria debes examinarte das materias que se corresponden, en xeral, coa rama de coñecemento onde se inscribe a titulación que che interesa, e concretamente, que **ponderan** o seu valor (**multiplicando por 0´1 ou 0´2**) para o grao ou graos aos que desexas acceder.

Dentro de cada rama universitaria, cada universidade poderá sinalar as **materias concretas que considera prioritarias para un determinado título**. Así que se xa sabes que titulación queres estudar, o mellor é que busques nas [táboas de ponderación](#), que publican as universidades, o valor ponderado que se lle concede ás materias concretas de bacharelato que son obxecto de exame na Parte Voluntaria, e que ponderan 0´1 ou 0´2.

#### ASÍ SE CALCULA A NOTA DE ADMISIÓN NOS GRAOS UNIVERSITARIOS:



## Os Estudos Universitarios:

Os títulos universitarios divídense en títulos de:

**GRAO:** Obtense o título de graduado.

**POSTGRAO:**

- **MASTER:** trala superación dun grao obtense unha formación especializada e máis avanzada. Acádase o título de Master.
- **DOUTORAMENTO:** trala superación dun grao e un master, obtense unha formación avanzada en técnicas de investigación. Acádase o título de doutor.

Todos estes títulos están organizados en **5 ramas de coñecemento**, que coinciden, máis ou menos, coas modalidades de bacharelato. A cada rama de coñecemento pertencen os diferentes títulos de grao que se ofertan nas diferentes universidades.

1. **Ciencias Sociais e xurídicas.**
2. **Artes e humanidades.**
3. **Ciencias da saúde.**
4. **Ciencias.**
5. **Enxeñaría e arquitectura.**

**Títulos de grao:**

A continuación presentámosche os diferentes títulos de grao que se ofertan en cada rama de coñecemento en Galicia ([Enlace para coñecer os graos en detalle](#)).

<b>CIENCIAS</b>	Ciencias Ambientais Ciencias do Mar Química Bioloxía Bioquímica	Física Matemáticas Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos Biotecnoloxía Nanociencia e Nanotecnoloxía	
<b>CIENCIAS DA SAÚDE</b>	Medicina Odontoloxía Podoloxía Enfermería Psicoloxía Fisioterapia	Nutrición Humana e Dietética Farmacia Óptica e Optometría Terapia Ocupacional Logopedia Veterinaria	
<b>ENXEÑARÍA E ARQUITECTURA</b>	Arquitectura Técnica  Ciencia e Enxeñaría de Datos  Enxeñaría Aeroespacial  Enxeñaría Agraria  Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria  Enxeñaría Biomédica  Enxeñaría Civil  Enxeñaría de Obras Públicas  Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais  Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación	Enxeñaría da Enerxía  Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos  Enxeñaría Eléctrica  Enxeñaría Electrónica Industrial e Automática  Enxeñaría en Deseño Industrial e  Desenvolvemento do Produto  Enxeñaría en Organización Industrial  Enxeñaría en Química Industrial  Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais	Enxeñaría Forestal  Enxeñaría Forestal e do Medio Natural  Enxeñaría Informática  Enxeñaría Mecánica  Enxeñaría Naval e Oceánica  Enxeñaría Química  Estudios de Arquitectura  Náutica e Transporte Marítimo  Paisaxe  Robótica  Tecnoloxía da Enxeñaría Civil  Tecnoloxías Mariñas

<b>CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS</b>	Administración e Dirección de Empresas	Criminoloxía Dereito	Publicidade e Relacións Públicas
	Ciencias da Actividade Física e do Deporte (Proba específica de acceso)	Dirección e Xestión Pública	Relacións Laborais e Recursos Humanos
	Ciencia Política e da Administración	Economía	Socioloxía
	Ciencias empresariais	Mestre Educación Infantil	Traballo Social
	Comercio	Mestre Educación Primaria	Turismo
	Comunicación Audiovisual	Grao en Educación Infantil	Xestión de pequenas e medianas empresas
	Creación Dixital, Animación e Videoxogos	Grao en Educación Primaria	Xeografía e Ordenación do Territorio
		Educación Social	Xestión industrial da Moda (bilingüe)
	Pedagogía	Xornalismo	
		Empresa e Tecnoloxía	

<b>ARTES E HUMANIDADES</b>	Belas Artes	Historia	Lingua e Literatura Inglesas
	Ciencias da Cultura e Difusión Cultural	Historia da Arte	Linguas e Literaturas Modernas
	Ciencias da Linguaxe e Estudos literarios	Humanidades	Linguas Estranxeiras
	Español: Estudos Lingüísticos e literarios.	Información e documentación	Tradución e interpretación
	Filoloxía Clásica	Inglés: Estudos lingüísticos e literarios.	Xeografía e historia
	Filosofía	Lingua e Literatura Españolas	Xestión Dixital da Información e Documentación
	Galego e Portugués: Estudos lingüísticos e literarios	Lingua e Literatura Galegas	

## Os Ciclos de Formación Profesional

A Formación Profesional estrutúrase en Ciclos Formativos de Grao Medio e Superior

A finalidade da Formación Profesional é a preparación do alumnado para a actividade nun campo profesional e a súa capacitación para o desenvolvemento cualificado das diferentes profesións.

### ***Como está organizada a Formación Profesional?***

Comprende na actualidade tres subsistemas:

1. **Formación profesional específica:** que se organiza en Ciclos de Grao Medio e de grao Superior.
2. **Formación profesional ocupacional:** que comprende as ensinanzas non regradas dirixidas a proporcionar capacitación profesional (para demandantes de emprego)
3. **Formación profesional continua:** dirixida a mellorar a formación das persoas que xa están traballando.

Ímonos a ocupar aquí da formación profesional específica.

### ***Que é a Formación Profesional Específica?***

A formación profesional ordénase en 24 familias profesionais –grupo de ocupacións– que configuran un sector económico e concorren nunha mesma actividade produtiva.

Á súa vez, as familias profesionais están constituídas por ciclos formativos co obxectivo de formar profesionais de cada sector profesional con máis capacitación e máis cualificación. Cada ciclo formativo comprende un conxunto de módulos profesionais de formación teórica e práctica.

Os ciclos formativos poden ser de grao básico, medio ou de grao superior, e teñen unha duración de dous cursos académicos. Teñen como obxectivo prepararte para a actividade profesional elixida e capacitarte para o desempeño cualificado dunha profesión.

### ***Cales son os Réximes e as Modalidades para realizar estudos de FP?***

Actualmente, a Formación Profesional pódese cursar en diferentes réximes:

- **No réxime ordinario:** por curso completo, na modalidade presencial, asistindo diariamente a un centro formativo.
- **No réxime de persoas adultas:** a matrícula é parcial, por módulos formativos, nas modalidades tanto presencial como a distancia. Para acceder precisas ter 18 anos ou excepcionalmente 16 se acreditas a túa condición de traballador.  
A matrícula parcial por módulos, no réxime de adultos, permite que cada persoa deseñe o seu itinerario formativo en función da súa actividade laboral, das cargas familiares ou doutras actividades, respondendo así ás necesidades e aos intereses persoais ao longo da vida.
- **No réxime dual:** realízase en réxime de alternancia entre o centro educativo e a empresa, cun número de horas ou días de estancia neste e no centro educativo de duración variable. A formación do ciclo formativo é compartida entre o centro educativo e unha empresa coa que se establece un convenio. A empresa facilita os seus espazos, as súas instalacións e/ou



as persoas expertas para realizar parcialmente determinados módulos profesionais. Mentres se forma o alumno/a asina coa empresa un contrato de aprendizaxe ou é beneficiario dunha bolsa. [Enlace para coñecer a FP Dual en detalle.](#)

### Como se accede á FP?

REQUISITOS DE ACCESO AOS CICLOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL	
ACCESO A CICLOS DE GRAO MEDIO	<p>a) <b>Estar en posesión dos seguintes títulos:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Co título de ESO.</li> <li>- Título Profesional Básico (FP Básica)</li> <li>- Título de Bacharelato</li> <li>- Título universitario</li> <li>- Título de Técnico Superior de Formación Profesional (ciclo superior)</li> </ul> <p>b) Ter superado un <b>curso de formación específico</b> para o acceso aos ciclos de grao medio en centros públicos ou privados autorizados pola administración educativa, e ter 17 anos cumpridos no ano de finalización do curso.</p> <p>c) Ter superada unha <b>proba de acceso e ter 17 anos</b> cumpridos no ano de realización de dita proba.</p>
ACCESO A CICLOS DE GRAO SUPERIOR	<p>a) <b>Estar en posesión dos seguintes títulos:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Título de Bacharelato. A cada CS teñen preferencia os que cursaron determinadas modalidades de bacharelato.</li> <li>- Título universitario</li> <li>- Título de Técnico Superior de Formación Profesional (ciclo superior).</li> <li>- Título de Técnico de Formación Profesional (ciclo medio). En cada CS teñen preferencia os titulados nun ciclo medio da mesma familia profesional.</li> </ul> <p>b) Ter superada unha <b>proba de acceso e ter 19 anos</b> cumpridos no ano de realizar a proba.</p>
RÉXIME DE ADULTOS - MODULAR	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Cumprir alomenos 18 anos no ano natural en que comeza o ciclo.</li> <li>✓ Excepcionalmente, poderán acceder as persoas maiores de 16 anos que o soliciten e teñan un contrato laboral que lles impida acudir aos centros educativos polo réxime ordinario, ou sexan deportistas de alto rendemento. As persoas que accedan por esta condición poderán matricularse no caso de haber prazas liberadas con autorización da inspección educativa.</li> <li>✓ Cumprir algún dos requisitos académicos de acceso ao réxime ordinario.</li> <li>✓ Acceso sin requisitos académicos: No caso de haber prazas liberadas poderase acceder á oferta parcial con acreditación de experiencia laboral equivalente ao traballo tempo completo de dous anos nunha actividade laboral directamente relacionada co sector laboral do ciclo. Esta formación será acumulable, e para a obtención do título completo haberá que acreditar o cumprimento dos requisitos académicos.</li> </ul>
RÉXIME DUAL	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Cumprir alomenos 18 anos no ano natural en que comeza o ciclo.</li> <li>✓ Cumprir os requisitos de acceso aos ciclos formativos, para poder matricularse en todos os módulos profesionais do ciclo formativo</li> </ul>

	<p>correspondente.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Carecer da cualificación profesional, obtida e recoñecida polo sistema de formación para o emprego ou do sistema educativo, requirida para concertar un contrato en prácticas para o posto de traballo ou a ocupación obxecto do proxecto.</li> <li>✓ Non ter realizado con anterioridade un contrato de formación e aprendizaxe, e cumprir os requisitos establecidos na normativa laboral vixente para poder efectualo.</li> <li>✓ Non ter superado ningún módulo profesional do ciclo formativo do proxecto solicitado, agás que fose cursando outro ciclo formativo.</li> </ul>
--	---

### ***Onde se estuda FP?***

- Nos Institutos de Educación Secundaria públicos (IES).
- Nos Centros Integrados de formación profesional, públicos (CIFP).
- Nos centros privados concertados (CPR).
- Nos centros privados autorizados.

### ***Como están organizada FP?***

***A familia profesional:*** é o nome que enmarca unha actividade nun determinado campo de traballo. Actualmente hai unhas 24 familias de formación profesional en Galicia.

Dentro de cada familia hai ***Ciclos formativos:*** recollen un conxunto de destrezas orientadas ó exercicio dunha profesión concreta. Cada familia ten diferentes Ciclos formativos de grao Medio ou de grao Superior, que se corresponden con cada profesión.

Cada Ciclo formativo comprende unha serie de ***módulos.*** Son as materias de contido teórico e práctico que terías que estudar. Existen uns módulos que son comúns a todos os Ciclos: FOL (Formación e Orientación laboral), EIE (Empresa e Iniciativa Emprendedora), FCT (Formación en Centros de Traballo), Proxecto integrado.

O tipo de módulos que vas a cursar están directamente relacionados coa profesión estudada, é dicir, xa non existen materias como lingua e literatura, matemáticas, filosofía, ciencias sociais, etc. , pero é moi importante a formación previa que teñas para ter unha boa base que che faga cursar con éxito os Ciclos.

### ***Que é a FCT (Formación en Centros de Traballo)?***

Consiste nun período de prácticas que terás que desenvolver nunha empresa, e que normalmente dura 3 meses ó final do Ciclo. É un módulo con moitas horas e para acceder hai que superar todos os outros módulos teórico-prácticos que se imparten no centro educativo.

### ***Canto duran os Ciclos?***

2000 horas (incluídas as prácticas), distribuídas en dous cursos académicos.

### ***Que titulación se obtén?***

Co Ciclo de grao Medio: ***Título de Técnico*** na profesión correspondente. Con este título podes acceder ó mundo laboral, a un ciclo de grao superior ou cursar as materias troncais xerais de bacharelato para obter o título.

Co Ciclo de grao Superior: **Título de Técnico Superior**. Con este título podes acceder ó mundo laboral ou aos graos universitarios.

Lembra que para obter os títulos é imprescindible superar todos os módulos que se imparten en cada Ciclo.

### **Que saídas teñen os Ciclos de FP?**

<p><b>Acceso a ciclos superiores dende os ciclos medios.</b></p>	<p>As persoas que dispoñan dun título de técnico poderán acceder aos ciclos superiores, para os cales se reserva un 20% das prazas de cada ciclo superior. <b>Actualmente o acceso é directo desde calquera CM a calquera CS pero terán preferencia os que presenten un título de CM da mesma familia profesional.</b></p>
<p><b>Obtención do título de bacharelato dende os ciclos medios e os ciclos superiores</b></p>	<p>O alumnado que se atope en posesión dun título de Técnico ou de Técnico Superior de Formación Profesional poderán <b>obter o título de Bacharelato cursando e superando as materias xerais do bloque de asignaturas troncais da modalidade de Bacharelato que o alumno elixa.</b></p>
<p><b>Acceso á universidade dende os ciclos superiores:</b></p>	<p>As persoas que dispoñan do título de técnico superior de formación profesional, ou do título de técnico superior de artes plásticas e deseño, ou do título de técnico deportivo superior, ou de títulos equivalentes, poderán acceder <b>ás ensinanzas universitarias.</b></p> <p><b>Validacións de materias do título universitario:</b> No caso de acceder ás ensinanzas universitarias desde un ciclo formativo de grao superior é posible ter o recoñecemento de créditos universitarios (validar materias do título universitario).</p>
<p><b>Acceso ao mercado laboral:</b></p>	<p>A obtención do título de técnico ou técnico superior, pola superación dun ciclo formativo, permite a incorporación ao mercado laboral.</p> <p>O exercicio da profesión dunha persoa titulada de formación profesional comporta o desempeño cualificado dunha actividade nun campo profesional, que pode ser executada de xeito autónomo, ou por conta allea asumindo responsabilidades dentro dunha organización produtiva, como xefe/a de equipo, organizando, programando e supervisando procesos produtivos, se se trata dun ciclo superior.</p>

### **Crterios de admisión nos ciclos de Grao Medio no réxime ordinario:**

Cando as prazas nun ciclo de grao medio sexan insuficientes, para adxudicalas, aplícanse os seguintes criterios:

**1º Criterio: DISTRIBUCIÓN POR COTAS.**

As prazas ofrecidas para cada centro e ciclo distribúense en tres cotas: cota xeral, cota para persoas con discapacidade legalmente recoñecida (10%) e cota para deportistas de alto nivel ou de alto rendemento (5%).

Cota xeral 90%
Cota do 10% para persoas con discapacidade
Cota do 5% a maiores para deportistas de alto rendemento

**2º Criterio: DISTRIBUCIÓN POR GRUPOS DENTRO DE CADA COTA.**

Dentro de cada cota haberá tres grupos segundo o tipo de requisitos de acceso:

- **Grupo A**, persoas que posúen título da ESO ou titulacións equivalentes para efectos de acceso a ciclos.
- **Grupo B**, persoas que teñen título profesional básico (FPB) ou PCPI.
- **Grupo C**, persoas que teñen certificación de superación das probas de acceso a ciclos ou outras vías de acceso a ciclos de grao medio.

A distribución, ao comezo do proceso de admisión, das prazas disponibles para cada ciclo e para cada centro queda do seguinte xeito:

<b>GRUPO A</b> ESO e equivalentes	<b>GRUPO B</b> FPB e PCPI	<b>GRUPO C</b> Probas de acceso e outros
Ata o 70%	Ata o 20%	Ata o 10%

En cada grupo orderanse as solicitudes por de maior a menor **nota media** (de toda a etapa).

**3º Criterios de DESEMPATE:**

En caso de empate entre varias persoas solicitantes, e co obxectivo de favorecer o fomento das vocacións nas áreas con infrarrepresentación de mulleres ou de homes, seleccionárase en virtude do sexo menos representado na área profesional en que se demande a praza. De persistir o empate, resolverase tendo en conta o sorteo público das letras dos apelidos, que se utiliza para a admisión de alumnado en centros públicos.

**Resultado do sorteo 2020:**

Letras primeiro apelido: "T" e "G"

Letras segundo apelido: "E" e "X"

***Datas de solicitude de ciclos de FP:***

Para solicitar praza en calquera ciclo terás dous períodos (datas orientativas):

- **Período ordinario en xuño**, do 17 de xuño ao 2 de xullo aproximadamente, para quen cumpre os requisitos en xuño.

- **Período extraordinario en setembro**, do 1 ao 8 de setembro aproximadamente, para quen cumpre os requisitos en setembro.

No período extraordinario de setembro as prazas disponibles son as sobrantes do período ordinario. Hai ciclos de formación profesional que en setembro xa esgotaron as prazas coas solicitudes de xuño, e xa non as ofertan en setembro, co cal convén cumprir os requisitos en xuño. Se estás en 4º de ESO e crees que non vas a acadar o título en xuño quizáis che convén presentarte ás probas de acceso a ciclos de grao medio, que se celebran cada curso no mes de maio.



Se no momento en que solicitas praza no ciclo, cumpres os requisitos de acceso directo (Título de ESO), e tamén cumpres o acceso por proba (caso dos alumnos que superan completa a proba de acceso), deberás solicitar admisión no ciclo obrigatoriamente polo grupo A, onde se terá en conta a nota media de 4º de ESO ou dos estudos que acredites.

O calendario exacto do proceso de admisión en FP para este curso será publicado pola Consellería na web de FP ([edu.xunta.es/fp](http://edu.xunta.es/fp)) a mediados de xuño. Tamén se publicará nesas datas a oferta actualizada de ciclos de FP para o vindeiro curso 2019-2020.

Debes ter en conta que sempre se realiza o mesmo proceso, tanto no período ordinario de solicitude (xuño-xullo) como no extraordinario de setembro.

### ***Procedemento de solicitude en ciclos de FP:***

**[\(Enlace para coñecer o proceso de admisión en detalle\)](#)**

#### **1º PASO: Preinscripción:**

A solicitude [vía web](#) é obrigatoria, a través da páxina [edu.xunta.es/ciclosadmisión](http://edu.xunta.es/ciclosadmisión)

Na aplicación correspondente hai que cumprimentar un impreso onde se pode solicitar ata 5 ciclos formativos e/ou centros diferentes, e ordenalos por orde de preferencia.

#### **2º PASO: Entrega de documentación nun centro que imparta FP:**

Logo de realizada a solicitude web, a aplicación informática xera un impreso con instrucións individualizadas para cada solicitante. O impreso xerado pola aplicación informática indica a documentación que cómpre achegar. Esta documentación cos impresos xerados deberá ser debidamente entregada e en prazo, en calquera centro público de Galicia con oferta de ciclos formativos de formación profesional.

No caso de que o impreso xerado pola aplicación informática indique que se trata dun documento xa validado e que non é necesario entregalo nun centro, non será preciso máis trámite, pero o documento impreso deberase conservar como resgardo da solicitude de admisión.

#### **3º PASO: Consultar as listas de adxudicación de praza.**

Unha vez realizada a solicitude de praza en Ciclos, deberás estar pendente dos listados de admisión en cada fase do proceso, é dicir, ás diferentes adxudicacións.

Saen dous listados en xullo e outros dous listados en setembro. O alumnado que fai a preinscripción no período extraordinario (setembro) so ten que estar pedente do último listado.

#### **4º PASO: Matricularse ou renunciar adxudicada:**

As persoas con praza adxudicada en cada fase do proceso teñen a **obriga de matricularse** nos prazos que se indiquen, pero coa seguinte excepción:

No 1º curso do réxime ordinario, **quen non fose admitido na praza solicitada en primeiro lugar** poderá **renunciar** á praza outorgada nos mesmos prazos establecidos para a matrícula. Esta renuncia implica tamén desistir de todas as demais prazas solicitadas en opcións de menor preferencia a esa, permanecendo nas listas de espera das opcións con maior prioridade.

Lembra que **de ser admitido nalgún ciclo** terás dúas opcións:

##### **OPCIÓN 1: Matricularse.**

Deberase facer no centro adxudicado e nos prazos establecidos. **Estar matriculado en calquera ensinanza, implica a renuncia a seguir participando no proceso de admisión a ciclos formativos.**

##### **OPCIÓN 2: Renunciar á praza.**

Deberase facer vía web nos prazos establecidos. **A renuncia afectará a praza que lle foi adxudicada e a todas as preferencias sinaladas en lugares posteriores a esa.** Seguirase no proceso de adxudicación para as preferencias anteriores.



Se desexas acceder a un ciclo de grao medio no vindeiro curso 2020-2021 deberás estar pendente da web da consellería dende mediados de xuño, onde se publicará a información para o proceso de admisión do vindeiro curso.

## ***Probas de acceso a Ciclos de Grao Medio***

[\(Enlace para acceder á información da última convocatoria\)](#)

### ***En que consisten?***

Se non acadache o título da ESO pola vía ordinaria ou por adultos e desexas acceder a un Ciclo de formación profesional de grao Medio podes presentarte a unha proba, que unha vez superada, obtés un certificado que che permite o acceso a calquera Ciclo de Grao Medio.

### ***Que requisitos hai que cumprir?***

- Hai que ter cumpridos os 17 anos cumprilos no ano natural en que se celebra a proba (é dicir, se cumpres os 17 en decembro do mesmo ano da proba, tamén podes presentarte).
- Outra condición é que non cumbras os requisitos para acceder a un CM (ex. Título de ESO ou de FP Básica).

### ***Que tramites teño que realizar?***

- Nos prazos que se determinen (normalmente na 2ª metade de febreiro) deberás presentar unha solicitude para participar na proba en calquera centro onde se imparta formación profesional.
- Esta solicitude podes pedila en calquera centro de ensino secundario.
- Unha vez realizada esta inscrición só tes que estar pendente das datas, horarios e lugar das probas. Normalmente celébranse no mes de maio, en horario de mañá e tarde e nos IES asignados.

### ***Como é a proba?***

Consistirá tres partes:

**1ª parte: sociolingüística** (con exercicios sobre contidos de lingua e literatura española, de lingua e literatura galega e de ciencias sociais).

**2ª parte: de contidos de tipo científico – técnico** (con exercicios sobre contidos de Ciencias da Natureza e Tecnoloxía).

**3ª parte: de contidos matemáticos.**

Poderán estar exentos da parte **científico-técnica** os que teñan como mínimo un ano de experiencia laboral en xornada completa, independentemente do campo profesional onde se traballara.

No caso de ter superado algún ámbito do módulo IV da ESA poderase solicitar tamén a exención da parte correspondente da proba.

Se desexas ver exemplos de probas podes consultar en [www.edu.xunta.es/fp](http://www.edu.xunta.es/fp)

### ***Que nota hai que acadar?***

Para a superación da proba hai que acadar unha **cualificación mínima de 5 como nota media** das tres partes. Para realizar a media hai que acadar un **mínimo de catro** en cada parte.

### ***Cantas veces me podo presentar á proba?***

Tantas veces como o desexas. Se te presentache en convocatorias anteriores e non superache a proba pero acadache un cinco nalgunha das partes, gárdanche a nota desa parte durante dous anos, polo que non terías que examinarte delas.

Unha vez superada deberás estar pendente dos resultados na páxina web de FP, e se a superache na súa totalidade podes solicitar, no centro onde te examinache, a acreditación que certifica que tes superada dita proba.

### ***Se supero a proba cando solicito praza no ciclo?***

Se superas a proba de acceso **podes acceder a calquera Ciclo de grao Medio que ti escollas**. Coa acreditación (que che facilitarán no centro onde realizache a proba) deberás solicitar praza e matricularte nos Ciclos nos mesmos prazos que para o resto do alumnado.

## ***Acceso ós Ciclos de Grao Superior:***

Pódese acceder de forma directa se se cumpren determinadas condicións ou mediante unha proba de acceso.

Igual que no acceso a ciclos medios as prazas distribúense nas mesmas cotas (xeral, discapacidade e deportistas de alto rendemento), e en cada cota nos seguintes grupos por orde de preferencia:

<b>GRUPO A</b> BACH e equivalentes	<b>GRUPO B</b> Título de Técnico (CM)	<b>GRUPO C</b> Probos de acceso e outros
Ata o 70%	Ata o 20%	Ata o 10%

#### **Grupo A (Preferencias)**

- 1º. Alumnado con título de bacharelato da modalidade preferente, e coas materias debacharelato vinculadas ao ciclo. A nota media, de maior a menor, das materias vinculadas empregarase nos casos de empate da nota media do bacharelato.
- 2º. Alumnado con título de bacharelato da modalidade preferente, pero sen algunha das materias vinculadas.
- 3º. Alumnado con título de bacharelato sen modalidade preferente.
- 6º. Alumnado con título de bacharelato unificado e polivalente (BUP).

#### **Grupo B (Preferencias)**

- 1º. Alumnado con título de técnico de formación profesional da mesma familia profesional que o ciclo formativo de grao superior que se solicita.
- 2º. Alumnado con título de técnico de formación profesional de diferente familia profesional que o ciclo formativo de grao superior que se solicita.

#### **Grupo C (Preferencias)**

- 1º. Alumnado con proba de acceso a ciclos formativos de grao superior de formación profesional.
- 2º. Alumnado con proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos.
- 3º. Alumnado con título de técnico superior ou de técnico especialista.
- 4º. Alumnado con título universitario.

En caso de empate entre varias persoas solicitantes, seleccionarase en virtude do sexo menos representado na área profesional en que se demande a praza. De persistir o empate, resolverase polo resultado das letras do apelido do sorteo público para ese ano, igual que nos ciclos medios.



**Quen cumpra simultaneamente os requisitos de acceso directo e os de acceso mediante proba non poderá presentar a solicitude de acceso mediante proba. De o facer, excluírase do proceso de admisión.**



**VINCULACIÓNs entre AS MODALIDADES DE BACHARELATO e os CICLOS SUPERIORES:**

[\(Enlace para consultar as vinculacións\)](#)

Familia profesional LOE	Ciclos de grao superior	Modalidades de bacharelato LOE	Materias de bacharelato
Actividades físicas e deportivas	CSAFD01 Ensinanza e animación sociodeportiva	Calquera modalidade de bacharelato	
	CSAFD02 Acondicionamento físico	Calquera modalidade de bacharelato	
Administración e xestión	CSADG01 Administración e finanzas	Humanidades e ciencias sociais	
	CSADG02 Asistencia á dirección	Humanidades e ciencias sociais	
Agraria	CSAGA01 Xestión forestal e do medio natural	Ciencias e tecnoloxía	
	CSAGA02 Paisaxismo e medio rural	Ciencias e tecnoloxía	
	CSAGA03 Gandaría e asistencia en sanidade animal	Ciencias e tecnoloxía	
Artes gráficas	CSARG01 Deseño e edición de publicacións impresas e multimedia	Ciencias e tecnoloxía Artes	
	CSARG02 Deseño e xestión da produción gráfica	Ciencias e tecnoloxía Artes	
Artes e artesanías	CSART01 Artista de fallas e construción de escenografías	Artes	
Comercio e márketing	CSCOM01 Transporte e loxística	Humanidades e ciencias sociais	
	CSCOM04 Márketing e publicidade	Humanidades e ciencias sociais	
	CSCOM02 Comercio internacional	Humanidades e ciencias sociais	
	CSCOM03 Xestión de vendas e espazos comerciais	Humanidades e ciencias sociais	
Edificación e obra civil	CSEOC01 Proxectos de edificación	Ciencias e tecnoloxía Artes	
	CSEOC02 Proxectos de obra civil	Ciencias e tecnoloxía Artes	
	CSEOC03 Organización e control de obras de construción	Ciencias e tecnoloxía	
Electricidade e electrónica	CSELE01 Sistemas electrotécnicos e automatizados	Ciencias e tecnoloxía	
	CSELE02 Sistemas de telecomunicacións e informáticos	Ciencias e tecnoloxía	
	CSELE03 Automatización e robótica industrial	Ciencias e tecnoloxía	
	CSELE04 Mantemento electrónico	Ciencias e tecnoloxía	
Energía e auga	CSENA01 Eficiencia enerxética e enerxía solar térmica	Ciencias e tecnoloxía	
	CSENA02 Enerxías renovables	Ciencias e tecnoloxía	
	CSENA03 Centrais eléctricas	Ciencias e tecnoloxía	
Fabricación mecánica	CSFME01 Programación da produción en fabricación mecánica	Ciencias e tecnoloxía	
	CSFME02 Construcións metálicas	Ciencias e tecnoloxía	
	CSFME03 Deseño en fabricación mecánica	Ciencias e tecnoloxía	
	CSFME04 Programación da produción en moldeamento de metais e polímeros	Ciencias e tecnoloxía	

Hostalaría e turismo	CSHOT01 Xestión de aloxamentos turísticos	Humanidades e ciencias sociais	
	CSHOT02 Axencias de viaxes e xestión de eventos	Humanidades e ciencias sociais	
	CSHOT03 Guía, información e asistencias turísticas	Humanidades e ciencias sociais	
	CSHOT04 Dirección de cociña	Ciencias e tecnoloxía	
	CSHOT05 Dirección de servizos de restauración	Ciencias e tecnoloxía	
Imaxe e son	CSIMS01 Produción de audiovisuais e espectáculos	Ciencias e tecnoloxía	
	CSIMS02 Realización de proxectos audiovisuais e espectáculos	Ciencias e tecnoloxía	
	CSIMS03 Animacións 3D, xogos e contornos interactivos	Ciencias e tecnoloxía	
	CSIMS04 Son para audiovisuais e espectáculos	Ciencias e tecnoloxía	
	CSIMS05 Iluminación, captación e tratamento de imaxe	Ciencias e tecnoloxía	
Imaxe persoal	CSIMP01 Estética integral e benestar	Ciencias e tecnoloxía	
	CSIMP02 Estilismo e dirección de peiteado	Ciencias e tecnoloxía Humanidades e ciencias sociais	
	CSIMP03 Asesoría de imaxe persoal e corporativa	Ciencias e tecnoloxía Humanidades e ciencias sociais	
	CSIMP04 Caracterización e maquillaxe profesional	Ciencias e tecnoloxía Humanidades e ciencias sociais	
Industrias alimentarias	CSINA01 Vitivinicultura	Ciencias e tecnoloxía	
	CSINA02 Procesos e calidade na industria alimentaria	Ciencias e tecnoloxía	
Industrias extractivas			
Informática e comunicacións	CSIFC01 Administración de sistemas informáticos en rede	Ciencias e tecnoloxía	
	CSIFC02 Desenvolvemento de aplicacións multiplataforma	Ciencias e tecnoloxía	
	CSIFC03 Desenvolvemento de aplicacións web	Ciencias e tecnoloxía	
Instalación e mantemento	CSIMA01 Desenvolvemento de proxectos de instalacións térmicas e de fluídos	Ciencias e tecnoloxía	
	CSIMA02 Mantemento de instalacións térmicas e de fluídos	Ciencias e tecnoloxía	
	CSIMA03 Mecatrónica industrial	Ciencias e tecnoloxía	
Madeira, moble e cortiza	CSMAM01 Deseño e amoblamento	Ciencias e tecnoloxía Artes	
Marítimo-pesqueira	CSMAP02 Transporte marítimo e pesca de altura	Ciencias e tecnoloxía	
	CSMAP01 Acuicultura	Ciencias e tecnoloxía	
	CSMAP03 Organización do mantemento de maquinaria de buques e embarcacións	Ciencias e tecnoloxía	
Química	CSQUI02 Química industrial	Ciencias e tecnoloxía	Química
	CSQUI01 Laboratorio de análise e de control de calidade	Ciencias e tecnoloxía	Química
	CSQUI03 Fabricación de produtos farmacéuticos, biotecnolóxicos e afíns	Ciencias e tecnoloxía	

Sanidade	CSSAN01 Audioloxía protésica	Ciencias e tecnoloxía	
	CSSAN02 Próteses dentais	Ciencias e tecnoloxía	
	CSSAN06 Anatomía patolóxica e citodiagnóstico	Ciencias e tecnoloxía	
	CSSAN09 Hixiene bucodental	Ciencias e tecnoloxía	
	CSSAN08 Documentación e administración sanitarias	Ciencias e tecnoloxía Humanidades e ciencias sociais	
	CSSAN04 Imaxe para o diagnóstico e medicina nuclear	Ciencias e tecnoloxía	
	CSSAN05 Laboratorio clínico e biomédico	Ciencias e tecnoloxía	
	CSSAN07 Radioterapia e dosimetría	Ciencias e tecnoloxía	
	CSSAN03 Ortoprótésis e produtos de apoio	Ciencias e tecnoloxía	
Seguridade e ambiente	CSSEA01 Educación e control ambiental	Ciencias e tecnoloxía	
	CSSEA02 Coordinación en protección civil e emerxencias	Ciencias e tecnoloxía	
Servizos socioculturais e á comunidade	CSSSC01 Educación infantil	Humanidades e ciencias sociais	
	CSSSC03 Animación sociocultural e turística	Humanidades e ciencias sociais	
	CSSSC02 Integración social	Humanidades e ciencias sociais	
	CSSSC04 Mediación comunicativa	Humanidades e ciencias sociais	
	CSSSC05 Promoción de igualdade de xénero	Humanidades e ciencias sociais	
Téxtil, confección e pel	CSTCP01 Patronaxe e moda	Ciencias e tecnoloxía	
	CSTCP02 Deseño e produción de calzado e complementos	Ciencias e tecnoloxía Artes	
	CSTCP03 Vestuario a medida e de espectáculos	Humanidades e ciencias sociais Artes	
	CSTCP04 Deseño técnico en téxtil e pel	Ciencias e tecnoloxía Artes	
Transporte e mantemento de vehículos	CSTMV01 Automoción	Ciencias e tecnoloxía	
Vidro e cerámica	CSVIC01 Desenvolvemento e fabricación de produtos cerámicos	Ciencias e tecnoloxía	

### **Acceso aos ciclos superiores mediante Proba:**

Poderán acceder mediante proba as persoas que non reúnan os requisitos académicos e teñan cumpridos **19 anos** ou os cumpran no ano da realización da proba.

Para o acceso a ciclos superiores mediante proba resérvase ata o 10% das prazas, e terase en conta a nota media acadada.

Debes saber que a proba de acceso a ciclos superiores non é común, como a de ciclos medios, senón que te examinarás dunhas materias ou outras en función do ciclo ao que desexes acceder.

**A proba ten dúas partes:**

**Parte común da proba:** Consta de tres exames de materias de 2º de Bacharelato.

- Lingua Galega.
- Lingua Castelá.
- Matemáticas.

**Parte específica da proba:** organízase en tres opcións A, B e C, en función do ciclo superior ao que desexes acceder, e dentro da opción elixida escolleranse dúas materias.

- **Opción A:** Economía da empresa, lingua estranxeira (inglés ou francés), e filosofía e cidadanía.
- **Opción B:** Debuxo Técnico, tecnoloxía industrial e física.
- **Opción C:** Ciencias da terra e ambientais, química e bioloxía.

As familias profesionais ás que podes acceder segundo a opción da proba pola que te presentes **a, b ou c**, son as seguintes:

OPCIÓN A	Administración e xestión. Comercio e márketing. Hostalaría e turismo. Servizos socioculturais e á comunidade. Imaxe e son (só o ciclo de Producción de audiovisuais e espectáculos).
OPCIÓN B	Marítimo - Pesqueira (agás o ciclo de Producción Acuícola). Artes gráficas. Edificación e obra civil. Electricidade e electrónica. Enerxía e Auga. Imaxe e son (agás o ciclo de Producción de Audiovisuais e Espectáculos). Fabricación mecánica. Madeira, moble e cortiza. Informática e comunicacións. Instalación e mantemento. Transporte e mantemento de vehículos. Téxtil, confección e pel Industrias Extractivas. Vidro e cerámica
OPCIÓN C	Agraria. Actividades físicas e deportivas. Imaxe persoal. Industrias alimentarias. Marítimo - Pesqueiras (só o ciclo de Producción Acuícola). Química. Sanidade. Seguridade e Medio Ambiente.

No caso de superar unha parte da proba, consérvase a nota da parte superada durante dous anos consecutivos. No caso de superar toda a proba, o certificado obtido ten validez indefinida.

Igual que na proba de acceso a ciclos de grao medio, para presentarte a esta proba terás que facer unha inscrición, no mes de febreiro, nun centro que imparte FP, e o exame será aproximadamente no mes de abril.

Para ver exemplos de probas podes buscalas en [www.edu.xunta.es/fp](http://www.edu.xunta.es/fp)

**OFERTA DE CICLOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL DE GRAO MEDIO E GRAO SUPERIOR:**  
[\(Enlace para coñecer os ciclos en detalle\)](#)

Familias de Formación Profesional	Oferta de Ciclos Medios (CM) e Ciclos Superiores (CS)
<b>Agraria</b> Xestión e organización de empresas agropecuarias e dos recursos naturais e paisaxísticos.	CM Producción agrotecnolóxica CM Producción agropecuaria CM Xardinería e floraría CM Aproveitamento e Conservación do Medio Natural.
	CS Paisaxismo e medio rural. CS Gandaría e asistencia en sanidade animal. CS Xestión Forestal e do medio natural
<b>Actividades Físicas e Deportivas</b> Condución e animación de actividades físico – deportivas.	CM Condución de actividades físico – deportivas no medio natural
	CS Animación de Actividades Físicas e Deportivas. CS Acondicionamento físico
<b>Artes Gráficas</b> Actividade produtiva de preparación de orixinais, tratamento de textos e imaxes, preparación da forma impresa, impresión en huecograbado, offset, serigrafía e flexografía, encadernación, manipulado de papel, cartón e outros materiais.	CM Preimpresión dixital CM Impresión en artes gráficas.
	CS Deseño e xestión da produción gráfica. CS Deseño e edición de publicacións impresas e multimedia.
<b>Marítimo Pesqueiras</b> Pesca: artesanal e industrial. Acuicultura: peixes, crustáceos e moluscos. Buceo: media profundidade. Buques: manexo, control e mantemento dos sistemas de propulsión, equipos e instalacións. Transporte marítimo: administración e control da navegación.	CM Operacións subacuáticas e hiperbáricas. CM Mantemento e control de maquinaria de buques e embarcacións. CM Cultivos acuícolas. CM Navegación e pesca de litoral.
	CS Transporte marítimo e pesca de altura. CS Acuicultura. CS Organización do mantemento de maquinaria de buques e embarcacións.
<b>Administración e Xestión</b> Administración e xestión en calquera sector de actividade económica, entidades financeiras e de seguros, e na administración pública.	CM Xestión administrativa
	CS Administración e finanzas. CS Asistencia á dirección.
<b>Comercio e Marketing</b> Actividade produtiva de departamentos comerciais, comercio independente (ó por maior e ó por menor), comercio integrado e asociado, axencias comerciais, xestión do transporte, servizos ó consumidor.	CM Actividades comerciais CM Comercialización de produtos alimentarios
	CS Transporte e loxística CS Márketing e publicidade CS Xestión de vendas e espazos comerciais CS Comercio Internacional

<b>Imaxe e Son</b> Fotografía, cine, vídeo, publicidade, radio, televisión, espectáculos e axencias de noticias.	CM Vídeo Dis-jokey e son.
	CS Animación 3D, xogos e contornos. CS Iluminación, captación e tratamento da imaxe. CS Son para a audiovisuais e espectáculos. CS Producción de audiovisuais e espectáculos. CS Realización de proxectos audiovisuais e espectáculos.
<b>Edificación e Obra Civil</b> Construción de edificios industriais, comerciais, de servicios e de vivendas, así como de aeroportos, carreteras, obras marítimas e hidráulicas, obras subterráneas, ferrocarriles, conducións liñais de fluídos e a súa rehabilitación.	CM Obras de interior, decoración e rehabilitación CM Construción
	CS Proxectos de obra civil. CS Proxectos de edificación CS Organización e control de obras de construción.
<b>Electricidade e Electrónica</b> Equipos e instalacións eléctricas de distribución e electrificación, singulares e automatizadas en vivendas e edificios; sistemas de automatización industrial: equipos electrónicos de consumo e profesionais, e sistemas de telecomunicacións e informáticos.	CM Instalacións eléctricas e automáticas CM Instalacións de telecomunicacións
	CS Sistemas electrotécnicos e automatizados. CS Sistemas de telecomunicación e informáticos. CS Mantemento electrónico. CS Automatización e robótica industrial.
<b>Enerxía e Auga</b> Sector enerxético, avaliando e inspeccionando a eficiencia das instalación de enerxía e auga dos edificios, xestionando a montaxe e mantemento das instalación térmicas.	CM Redes e estacións de tratamento de augas
	CS Eficiencia enerxética e Enerxía Solar Térmica CS Enerxías renovables CS Centrais eléctricas
<b>Fabricación Mecánica</b> Construción de maquinaria e equipos mecánicos. Fabricación de produtos metálicos. Fabricación de instrumentos de previsión, óptica e similares. Construción de material de transporte (naval, ferrocarril, aeronaves, bicicletas, motocicletas, automóbiles, camiós, autobuses, maquinaria de obras públicas, ...). Construción de maquinaria eléctrica, etc. Fabricación e reparación de produtos metálicos estruturais, grandes depósitos e calderería grosa, estruturas asociadas á construción de maquinaria. Todo o sector de produción de bens de equipo.	CM Mecanizado. CM Soldadura e caldeiraría.
	CS Construcións metálicas. CS Programación da produción de fabricación mecánica. CS Deseño en Fabricación Mecánica. CS Programación da produción en moldeamento de metais e polímeros
<b>Hostelería e Turismo</b> Aloxamentos turísticos e non turísticos. Establecementos de restauración social e comercial. Entidades de planificación e desenvolvemento turísticos.	CM Cociña e gastronomía CM servizos en restauración
	CS Axencia de viaxes e xestión de eventos CS Xestión de aloxamento turísticos CS Guia, información e asistencia turísticas CS Dirección de cociña.

<p>Información, asistencia e guía turísticas. Intermediación de servizos turísticos e viaxes. Manipulación, preparación, conservación e presentación de toda clase de alimentos de produtos de panadería, pastelería e repostería.</p>	<p>CS Dirección de Servizos de Restauración.</p>
<p><b>Imaxe Persoal</b> Perrucaría, estética persoal, caracterización e asesoría de imaxe persoal.</p>	<p>CM Estética e beleza. CM Peiteado e cosmética capilar. CS Etética integral e benestar. CS Estilismo e dirección de peiteado. CS Asesoría de imaxe persoal e corporativa. CS Caracterización e maquillaxe profesional</p>
<p><b>Industrias Alimentarias</b> Elaboración e conservación de produtos alimenticios como aceites e xugos, viños e outras bebidas, produtos lácteos, conservería vexetal, cárnica e de peixe, industrias cerealistas.</p>	<p>CM Aceites de oliva e viños. CM Elaboración de produtos alimentarios CM Panadería, repostería e confeitaría CS Procesos e calidade na industria alimentaria. CS Vitivinicultura.</p>
<p><b>Informática e Comunicións</b> Instalación e mantemento de produtos informáticos. Creador, programador de programas informáticos.</p>	<p>CM Sistemas microinformáticas en rede CS Administración de sistemas informáticos en rede. CS Desenvolvemento de aplicacións multiplataforma. CS Desenvolvemento de aplicacións web.</p>
<p><b>Instalación e Mantemento</b> Montaxe e mantemento das instalacións de edificios: hospitais, superficies comerciais, centros de ensino, polideportivos, oficinas, etc. Montaxe e mantemento de instalacións para o proceso continuo: industria química, refino de petróleo, industrias lácteas, elaboración de bebidas, papelera, etc. Montaxe e mantemento da maquinaria da fabricación de produtos metálicos, para o traballo da madeira, da fabricación do material de transporte (ferrocarril, aeronaves, bicicletas, motocicletas, automóviles, camiós, etc.), maquinaria eléctrica, etc., e en xeral.</p>	<p>CM Mantemento electromecánico CM Instalacións frigoríficas e de climatización CM Instalacións de produción de calor CS Desenvolvemento de proxectos de instalacións térmicas e de fluídos CS Mecatrónica industrial CS Mantemento de instalación térmicas e de fluídos. CS Prevención de riscos profesionais</p>
<p><b>Madeira, Moble e Cortiza</b> Aserrado e preparación industrial da madeira e o corcho. Fabricación de produtos semielaborados da madeira e o corcho. Fabricación en serie de carpintería, parquet e estruturas de madeira para a construción. Fabricación de envases, esamblaxes e obxectos diversos de madeira. Industria do moble e da madeira. Fabricación a medida e instalación de carpintería e moble.</p>	<p>CM Carpintería e moble CM Instalación e amoblamento CS Deseño e amoblamento</p>

<p><b>Química</b> Industria química e farmacéutica, do refino de petróleo, da industria de papel, e da industria da transformación do caucho e materias plásticas. Así mesmo, cubre certas necesidades de cualificación noutras industrias, como a alimentación, metalurxia, vidro, cerámica e outras industrias de manufactura nas que se fai imprescindible a análise e control da materia que se transforma.</p>	<p>CM Operacións de Laboratorio CM Planta química</p> <p>CS Laboratorio de análise e control de calidade CS Química ambiental CS Química industrial CS Fabricación de produtos farmacéuticos, biotecnolóxicos e afíns.</p>
<p><b>Sanidade</b> Sector sanitario, tanto dende a súa vertente pública como dende a empresa privada nos ámbitos profesionais de: atención primaria e comunitaria, atención especializada, saúde pública, servizos xerais ou centrais e produtos sanitarios.</p>	<p>CM Coidados auxiliares de enfermería CM Farmacia e parafarmacia CM Emerxencias sanitarias</p> <p>CS Anatomía patolóxica e citoloxía CS Dietética CS Documentación e administración sanitarias CS Hixiene bucodental CS Imaxe para o diagnóstico e medicina nuclear CS Laboratorio clínico e biomédico CS Próteses dentais CS Radioterapia e dosimetría CS Saúde ambiental CS Audioloxía protésica CS Ortoprésese e produtos de apoio</p>
<p><b>Seguridade e ambiente</b></p>	<p>CM Emerxencias e protección civil CS Educación e control ambiental</p>
<p><b>Servizos Socioculturais e á Comunidade</b> Organización, planificación e xestión de proxectos de intervención social, proxectos educativos, e de atención á infancia e interpretación da linguaxe de signos, braille....</p>	<p>CM Atención a persoas en situación de dependencia</p> <p>CS Animación Sociocultural e turística CS Educación Infantil CS Integración social CS Mediación comunicativa CS Promoción de Igualdade de Xénero</p>
<p><b>Textil, Confección e Pel</b> Actividade produtiva textil: algodón, lana, seda natural, fibras sintéticas, punto, alfombras e acabados. Actividade do coiro: curtidos, acabados, e marroquinería e do calzado, o vestido e todo tipo de confección.</p>	<p>CM Confección e moda</p> <p>CS Patronaxe e moda CS Vestiario a medida e de espectáculos</p>
<p><b>Transporte e mantemento de Vehículos</b> Mantemento de vehículos, automóbiles, motocicletas, maquinaria agrícola e tractores, maquinaria de construción e obras públicas, así como inspección técnica de vehículos.</p>	<p>CM Carrozaría CM Electromecánica de vehículos automóbiles CM Electromecánica de maquinaria CM Mantemento de estruturas de madeira e moblaxe de embarcacións de recreo.</p> <p>CS Automoción CS Mantemento aeromecánico</p>



## Ensinanzas de Réxime Especial

### ***Que son as Ensinanzas de Réxime Especial?***

Son ensinanzas nas que a organización é algo diferente á dos estudos de réxime xeral e nos que hai que superar unha proba de aptitudes para acceder a eles.

### ***Que estudos comprende?***

- Ensinanzas de Música e Danza.
- Ensinanzas de Arte Dramática.
- Ciclos de Formación Profesional de Artes Plásticas e Deseño.
- Conservación e Restauración de bens culturais.
- Estudos Superiores de Deseño.
- Idiomas
- Ensinanzas Deportivas

### ***Ensinanzas de Música***

[\(Enlace para coñecer os estudos de Música en detalle\)](#)

#### ***Poden ser:***

- REGRADAS: estúdanse en Conservatorios de Música e Centros Autorizados de Música (obtense un título con validez académica e profesional)
- NON REGRADAS: estúdanse en Escolas de Música (obtense un certificado)

#### ***Estrutúranse en:***

- **Ensinanzas de Grao Elemental:** A idade mínima de acceso son os 8 anos, e comprende 4 cursos académicos. Os criterios de admisión os establece cada centro, e normalmente atende ás aptitudes musicais dos interesados.
- **Ensinanzas de Grao Profesional:** teñen unha duración de 3 Ciclos de 2 anos cada un (6 anos en total). Para o acceso non hai límite de idade pero si hai que superar unha proba, que será diferente acorde co Ciclo ou curso no que se queira ingresar e que atende ás aptitudes e coñecementos musicais do interesado (*ritmo, entonación, teoría e ditado*). **O alumnado que finalice estas ensinanzas obterá o título de bacharelato se supera as materias xerais do bloque de asignaturas troncais da modalidade de Bacharelato que o alumno elixa.**
- **Ensinanzas de Grao Superior de Música:** Duración: 1 só Ciclo de 4 cursos. Acceso: hai que cumprir os seguintes requisitos: ter o título de Bacharelato ou equivalente e superar unha proba específica para cada especialidade. Se non tes o bacharelato ou equivalente podes acceder se superas unha proba de acceso en xuño para maiores de 16 anos sobre algunhas materias de bacharelato (ver cadro da páxina 37). Obtense o Título Superior, que equivale a Graduado Universitario.

#### ***Especialidades:***

- ✓ **As especialidades profesionais reguladas son 25:** arpa, cante flamenco, canto, clarinete, clave, contrabaixo, fagot, flauta travesera, flauta de pico, guitarra flamenca, instrumentos de corda pulsada do renacemento e barroco, oboe, órgano, percusión, piano, saxofón, trombón, trompa, tuba, viola, viola de gamba, violín e violoncello.

- ✓ **As especialidades do grao superior son:** Composición, Dirección, Producción e Xestión, Interpretación, Musicoloxía e Pedagogía.

#### ***Onde se pode estudar Música?***

- **En Escolas de Música:** Son centros públicos (de xestión municipal) ou privados que imparten ensinanzas non regradas de música dirixidas a aquelas persoas, sen límite de idade, que desexen unha formación musical. Tamén poden preparar para o acceso a ensinanzas regradas en conservatorios ou en centros autorizados (privados).
- **Conservatorios de Música,** que se clasifican en "Elementais" (imparten o grao elemental), "Profesionais" (imparten o grao Medio) e "Superiores" (imparten só o grao Superior).

### ***Ensinanzas de Danza:***

[\(Enlace para coñecer os estudos de Danza en detalle\)](#)

#### ***Poden ser:***

- Regradas: estúdanse en Conservatorios de Danza e Centros Autorizados de Danza (obtense un título con validez académica e profesional)
- Non Regradas: estúdanse en Escolas de Danza (obtense únicamente un certificado)

#### ***Estrutúranse en:***

- **Ensinanzas de Grao Elemental:** Comprende 4 cursos académicos. Os criterios de admisión os establece cada centro, e normalmente atende ás aptitudes físicas e expresivas dos aspirantes relacionadas coa danza e co sentido musical, mediante unha proba. Neste grao non se obtén titulación, só un certificado acreditativo.
- **Ensinanzas de Grao Profesional:** Duración: 3 Ciclos de 2 anos cada un (6 anos en total). Acceso: Non hai límite de idade pero si hai que superar unha proba en xuño, que será diferente acorde co Ciclo ou curso no que se queira ingresar, os contidos tamén dependen da especialidade na que se queira ingresar. **O alumnado que finalice estas ensinanzas obterá o título de bacharelato se supera a as materias xerais do bloque de asignaturas troncais da modalidade de Bacharelato que o alumno elixa.**
- **Ensinanzas de Grao Superior:** Duración: 1 só Ciclo de 4 cursos. Acceso: hai que cumprir os seguintes requisitos: ter o título de Bacharelato ou equivalente, e superar unha proba específica para cada especialidade. Se non tes o bacharelato ou equivalente podes acceder se superas unha proba de acceso en xuño para maiores de 16 anos sobre algunhas materias de bacharelato (ver cadro da páxina 40). Obtense o Título Superior, que equivale a Graduado Universitario.

#### ***Especialidades:***

- GRAO MEDIO: Baile flamento, Danza clásica, Danza Española e Danza Contemporánea.
- GRAO SUPERIOR: Pedagogía da Danza, Coreografía e Técnicas de Interpretación da Danza.

#### ***Conservatorios e especialidades en Galicia:***

- Conservatorio Profesional de Danza de Lugo: Danza clásica e Danza Contemporánea.
- Conservatorio Profesional de Danza da Diputación de A Coruña: Danza clásica.

## Arte Dramática

### [\(Enlace para coñecer os estudos de Arte Dramática en detalle\)](#)

Estas ensinanzas constitúen un ciclo único de catro cursos, cunha titulación final equivalente a Graduado universitario.

Estrutúranse en tres especialidades: Dirección de escena e dramaturxia, escenografía e interpretación. Á súa vez, cada unha destas especialidades está dividida nos seguintes itinerarios.

Especialidade	Opcións
Dirección de escena e dramaturxia	Dirección de escena. Dramaturxia
Escenografía	Escenografía
Interpretación	Interpretación textual Interpretación xestual Interpretación con obxetos

Para o acceso hai que estar en posesión do título de bacharel ou titulación equivalente e superar unha proba específica para cada especialidade. Se non tes o título de bacharelato ou equivalente, con 18 anos cumpridos, pódese acceder mediante proba de acceso en xuño sobre algunhas materias de bacharelato.

A **Proba específica** para cada especialidade consta de 2 exercicios:

- 1º exercicio: análise dun fragmento dun texto dramático e análise dun fragmento dun ensaio teatral, que ten carácter eliminatorio. Públícanse os textos de obrigada lectura para esta proba.
- 2º exercicio: son varias probas prácticas diferentes según a especialidade á que se queira acceder. Fanse públicos os textos propostos para as probas de carácter práctico.

A **Proba de acceso** para quen non ten o requisito académico (bacharel ou equivalente) ([ver cadro da páxina 40](#)).

## Os Ciclos de Artes Plásticas e Deseño:

### [\(Enlace para coñecer en detalle os estudos de Artes Plásticas de Deseño\)](#)

#### **Que son as ensinanzas de Artes Plásticas e Deseño?:**

Comprenden estudos relacionados coas artes aplicadas, oficios artísticos, diversas modalidades de deseño e conservación e restauración de bens culturais. Agora ímonos a ocupar dos CICLOS DE ARTES PLÁSTICAS E DESEÑO.

#### **Que son os ciclos de Artes Plásticas e Deseño?:**

A estrutura é a mesma que a da FPE: Ciclos formativos de grao Medio e Superior, de xeito que despois da ESO podes acceder ós Ciclos formativos de grao Medio, e despois do Bacharelato podes acceder ós Ciclos formativos de grao Superior, aínda que só terán acceso directo os alumnos que cursasen o Bacharelato de artes, o resto dos alumnos deberán facer unha proba que valorará as súas aptitudes artísticas e que consiste basicamente na realización de debuxos e bosquexos sobre temas propostos.

Os centros nos que se imparten estas ensinanzas son as escolas de artes plásticas e deseño.

#### **Como se organizan:**

Trátase de Ciclos de grao Medio e grao Superior, polo que teñen unha estrutura semellante á da formación profesional específica. A principal diferenza está a que ademais da titulación académica previa para acceder a un Ciclo é necesario superar unha **proba específica de aptitudes**.

Teñen unha duración de 2 cursos académicos.

### 1. Ciclos Formativos De Grao Medio de Artes Plásticas e Deseño:

Accédese co título de ESO ou bacharelato e coa superación da proba específica que consiste en exercicios por escrito sobre os coñecementos de artes plásticas, histórico artísticos, e debuxo.

De non ter o título de ESO, pero tes 17 anos, podes acceder coa superación (ademais da proba específica) dunha **proba de madurez** que atende ós contidos xerais da ESO e consta de 2 partes:

- 1ª parte: Lingua Castelá, Lingua galega, científico—tecnolóxico e sociocultural (escoller tres materias).
- 2ª parte: Educación plástica e visual.

A proba de madurez pode ser convalidada pola proba de acceso a ciclos de grao medio e a proba específica polo bacharelato de artes ou experiencia laboral de alomenos un ano, directamente relacionada co ciclo ao que se quere acceder. A inscrición nas probas é en xuño.

Obtense o título de técnico.

### 2. Ciclos Formativos de Grao Superior de Artes Plásticas e Deseño:

Accédese directamente, sen ter que superar ningunha proba, co **título de Bacharelato en artes**.

De non ter o Bacharelato de artes, pódese acceder con outra modalidade de Bacharelato e coa superación dunha proba específica relacionada con debuxo, artes plásticas e coñecementos histórico - artísticos.

De non ter superado ningún Bacharelato, pódese acceder mediante a superación dunha proba de madurez, se tes 19 anos (18 no caso de ter un título de Técnico de artes plásticas da mesma familia profesional). Dita proba ten 2 partes:

- 1ª Parte: proba das materias comúns do Bacharelato ( Lingua Castelá e Literatura, Lingua Galega e Literatura, Lingua estranxeira—inglés ou francés, Hª España, Filosofía). Escoller tres materias.
- 2ª Parte: Proba de Historia da Arte.

A proba de madurez pode ser convalidada pola proba de acceso a ciclos superiores, e a específica pola experiencia laboral dun ano directamente relacionada co ciclo ao que se quere acceder.

Obtense o título de técnico Superior que dá acceso a certas titulacións universitarias e aos estudos superiores de Deseño (explicados máis adiante).

### 3. Familias Profesionais:

Dentro de cada familia ofértanse Ciclos de grao Medio e de grao Superior. A continuación presentámosche as familias que existen:

- Comunicación gráfica e audiovisual.
- Escultura
- Cerámica artística
- Deseño de interiores

- Xoiaría artística
- Artes aplicadas ao libro

### **Onde estudar estes Ciclos:**

Existen escolas de artes públicas nas seguintes cidades de Galicia: A Coruña, Santiago, Ourense, Lugo. En Vigo hai Escola Municipal de Artes e Oficios (con ensinanzas non regradadas).

<b>A CORUÑA</b> <b>(ESCOLA DE ARTES</b> <b>PABLO PICASSO)</b>	<u><a href="#">EASD PABLO PICASSO</a></u> R/ Os Pelamios, s/n. 15001- A CORUÑA Tel. 981 225 396 / Fax: 981 228 078 www.eapicasso.com escola.arte.pablo.picasso.@edu.xunta.es	CS Dourado, prateado e e Policromía. CS Escultura aplicada ó espectáculo CS Fotografía CS Ilustración Ensinanza Modular do CS de Cerámica artística: Taller cerámico 1º e 2º curso. Ensinanza modular do CS en Técnicas escultóricas: Taller de madeira 2º curso.
<b>SANTIAGO</b> <b>(ESCOLA DE ARTES</b> <b>MESTRE MATEO)</b>	<u><a href="#">EASD MESTRE MATEO</a></u> R/ Virxe da Cerca, 32. 15703- SANTIAGO DE C. Tel. 981 587 757 / 981 587 733 www.easd.es escola.arte.mestre.mateo@edu.xunta.es	CS Técnicas escultóricas CS Fotografía CS Xoiaría Artística CS Arquitectura Efémera CM Procedementos de xoiaría artística. Ensinanza modular do CS dourado, prateado e policromía. Ensinanza modular do CM de xoiaría artística.
<b>LUGO</b> <b>(ESCOLA DE ARTES</b> <b>RAMÓN FALCÓN)</b>	<u><a href="#">EASD RAMÓN FALCON</a></u> Paseo dos estudantes, s/n. 27002- LUGO Tel. 982 220 790 / 982 220 792 www.escoladeartelugo.com escola.arte.ramon.falcon@edu.xunta.es	CM Serigrafía artística CS Gravado e Técnicas De Estampación CS Fotografía Ensinanza modular do CS de cerámica artística.
<b>OURENSE</b> <b>(ESCOLA DE ARTES</b> <b>ANTONIO FAÍLDE)</b>	<u><a href="#">EASD ANTONIO FAILDE</a></u> Avda. da universidade, 18. 32005- OURENSE Tlf: 988 238 365 www.escolarte.com info@escolarte.com	CS Ebanistería Artística CS Fotografía CS Ilustración

### **Conservación e Restauración de Bens Culturais:**

[\(Enlace para coñecer en detalle os estudos Conservación e Restauración\)](#)

Trátase dun grao que ten como obxectivo formar a profesionais que terán como responsabilidade velar polo bo estado do patrimonio artístico.

Pódese escoller entre 7 especialidades diferentes: Arqueoloxía, Pintura, Escultura, Documento gráfico, Bens Arqueolóxicos, Textiles, Mobiliario.

Obtense o Título de graduado universitario.

Pódese acceder directamente co Título de Técnico Superior en Artes Plásticas e Deseño (para os cales se reserva un 20% das prazas) . Se tes un título de Bacharelato ou equivalente terás superar unha proba específica de acceso que se convoca anualmente en xuño nos centros onde se imparte o grao. Para o alumnado que accede por proba resérvase o 80% das prazas. Para os que non posúan o título de bacharelato ou equivalente poderán acceder a través dunha proba de acceso para maiores de 18 anos, sobre as materias de bacharelato (ver cadro da páxina 37), que se celebrará en xuño.

**As partes da proba específica:**

- Comentario dun texto relacionado cos bens culturais.
- Debuxo a partir dun modelo real e inanimado.
- Traballo sobre representación da cor.
- Traballo práctico sobre as aptitudes plásticas.

Existe en Galicia unha única Escola de Conservación e Restauración, que se atopa en Pontevedra, e imparte as especialidades de **Escultura, Pintura e Bens arqueolóxicos**.

***Os Estudos Superiores de Deseño:***

[\*\(Enlace para coñecer en detalle os estudos Superiores de Deseño\)\*](#)

Están encaminados á formación de profesionais no mundo do deseño nas especialidades de moda, interiores, produtos e deseño gráfico. Teñen unha duración de 4 anos. A titulación que se obtén ao remate destas ensinanzas é equivalente a un grao universitario.

**Estes estudos impártense nos seguintes centros:**

Escola de arte <b>Mestre Mateo de Santiago</b>	Deseño de <b>moda</b> Deseño de <b>produtos</b>
Escola de arte <b>Pablo Picasso de A Coruña</b>	Deseño de <b>interiores</b> Deseño <b>gráfico</b>
Escola de arte <b>Ramón Falcón de Lugo</b>	Deseño de <b>interiores</b> Deseño <b>gráfico</b>
Escola de arte <b>Antonio Faílde de Ourense</b>	Deseño de <b>interiores</b> Deseño <b>gráfico</b>

**Formas de acceso:**

- Terán acceso directo os alumnos que teñan o título de Técnico Superior de Artes plásticas e deseño, para os cales se reserva un 20% das prazas.
- Accederán mediante proba específica os alumnos que teñan o título de bacharelato ou equivalente. A inscrición nesta proba é a comezos de xuño. Consta de dúas partes:

**1º parte:** Durante un máximo de 3 horas responder por escrito a cuestións sobre historia das artes, historia das artes aplicadas, os oficios artísticos e o deseño en xeral, e deseño na especialidade que se aspira a cursar.

**2ª parte:** Durante un máximo de 4 horas, realizar un debuxo mimético a man alzada, do natural ou a partir da documentación facilitada, dun modelo relacionado coa especialidade que se aspira a cursar; e un debuxo a man alzada, coas técnicas dos estudos que se aspira a cursar, do modelo do exercicio anterior.

Como a continuación se sinala, tamén a estes estudos se poderá acceder sin o bacharelato ou equivalente a través dunha proba de acceso para maiores de 18 anos.

**ALUMNADO QUE NON TEN O TÍTULO DE BACHARELATO OU EQUIVALENTE E DESEXE ACCEDER A ESTUDOS SUPERIORES DAS SEGUINTE ENSINANZAS DE RÉXIME ESPECIAL:**

Para o acceso aos estudos superiores de grao en Música, Danza, Arte Dramática, Conservación e Restauración de Bens Culturais, e Deseño, o alumnado que non teña o título de bacharelato ou equivalente, e cumpra 18 anos (16 no caso de Música ou Danza) poderá realizar unha proba de acceso, en xuño, ademais das probas específicas de cada especialidade. Esta proba consistirá en realizar exercicios das seguintes materias de bacharelato:

- Lingua estranxeira (Inglés ou Francés)
- Lingua Castelá
- Lingua Galega
- Filosofía
- Historia de España

### ***Ensinanzas de Idiomas:***

[\(Enlace para coñecer en detalle as ensinanzas de Idiomas\)](#)

#### ***En que consisten?***

O estudo dos idiomas pódese realizar a través de titulacións universitarias ou nas Escolas Oficiais de Idiomas. Estas últimas son centros especializados no ensino dos idiomas.

Para acceder é condición indispensable ter 14 anos ou 16 no caso de estudar un idioma diferente do estudado en ESO.

#### ***Como se organizan?***

En tres niveis cun total de 6 cursos.

- **Nivel básico:** 2 cursos coa finalidade de usar o idioma a nivel cotián. Terá como referencia o nivel A2 do Consello de Europa. O certificado acreditativo permite acceder ao nivel intermedio.
- **Nivel intermedio:** 2 cursos coa finalidade de usar o idioma en situacións específicas. Terá como referencia co nivel B1 do Consello de Europa. O certificado acreditativo permite acceder ao nivel avanzado.
- **Nivel avanzado:** 2 cursos coa finalidade de conseguir o dominio do idioma oral e escrito a nivel xeral e específico. Terá como referencia o nivel B2 do Consello de Europa.

Ao final de cada nivel hai que superar unha proba de certificación que dá dereito á expedición do certificado oficial correspondente.

**O título de ESO habilitará para acceder directamente aos estudos do 1º curso do idioma do nivel básico da primeira lingua estranxeira cursada na ESO (A2). O bacharelato habilitará para acceder directamente aos estudos do 1º curso do idioma do nivel intermedio da primeira lingua estranxeira cursada no Bacharelato (B1).**

Por outra banda o alumnado que acredite o dominio de competencias suficientes nun idioma poderá incorporarse a calquera curso trala superación da proba de nivel.

A asistencia a clase pode ser diaria, intensiva (dous días á semana) ou alterna (tres días á semana). Tamén podes cursar estas ensinanzas nas seguintes modalidades:

- **Oficial presencial:** Acudindo ás clases presenciais e cunha avaliación cuadrimestral.
- **Libre:** Preparando o idioma por libre e presentándote ás probas libres de obtención do certificado de determinado nivel.
- **Oficial a distancia:** A través do programa That's English que se emite diariamente no canal 2 da TVE podes seguir as clases a distancia e ser axudado nunhas titorías para practicar a parte oral na escola oficial na que te matricules. Nas escolas podes mercar o material necesario para preparar o curso.

### ***Que idiomas e onde os podo estudar?***

Nas EOI podes estudar ata 11 idiomas: Alemán, Inglés, Portugués, Francés, Italiano, Árabe, Galego, Ruso, Chinés, Xaponés e Español para estranxeiros.

**Nas seguintes escolas oficiais de idiomas:** Coruña, Ferrol, Santiago, Lugo, Monforte, Ribadeo, viveiro, Ourense, Pontevedra, Vigo, Vilagarcía.

### ***Que saídas laborais teñen?:***

Os certificados que se obteñen teñen un recoñecido prestixio e téñense en conta en baremos para concesión de bolsas, intercambios, determinados empregos. Ademais cada curso equivale a créditos de libre elección nas titulacións universitarias galegas.

En case todas as titulacións universitarias obter o certificado B2 dunha lingua estranxeira é unha condición necesaria para poder acadar o título de gradudado universitario.

## ***Ensinanzas Técnico – Deportivas:***

[\(Enlace para coñecer en detalle as Ensinanzas Técnico-Deportivas\)](#)

### ***Cal é a finalidade?:***

Teñen como finalidade a formación de adestradores, monitores e técnicos deportivos nunha modalidade ou especialidade deportiva.

### ***Como se organizan?:***

- **Grao Medio:** Co que se obtén o título de técnico deportivo nunha especialidade deportiva. Este grao comprende dous niveis:
  - 1º nivel: Cunha duración de máximo 1100 horas. Ensínase a iniciación técnica e táctica para programar, adestrar nunha fase inicial ou acompañar aos xogadores ás competicións, participar na organización de competicións e actividades e colaborar como auxiliar dun adestrador de nivel Superior.
  - 2º nivel: Cunha duración de máximo 1100 horas. Ensínase o perfeccionamento técnico e táctico para programar, dirixir adestramentos, dirixir a deportistas e equipos, participar no desenvolvemento de competicións e colaborar como auxiliar dun técnico Superior.



- **Grao Superior:** Co que se obtén o título de técnico Superior nunha especialidade deportiva. Ten unha duración máxima de 1100 horas. Capacita para dirixir e coordinar a técnicos deportivos, planificar e dirixir o adestramento dos deportistas e equipos de alta competición, xestionar escolas deportivas. O título de Técnico Superior dará acceso directo aos estudos universitarios.

#### **Que títulos se obteñen?:**

Existen títulos tanto de Técnico como de Técnico Superior nas seguintes especialidades: Fútbol, Fútbol sala, Deportes de inverno (esquí alpino, esquí de fondo e snowboard), Deportes de montaña e escalada, Atletismo, Balonmán.

#### **Requisitos de acceso:**

- **Grao Medio, 1º nivel :** Título de ESO (tanto por ensinanzas académicas como aplicadas) + proba específica da modalidade deportiva á que opta. Para os que non teñan a ESO poden acceder coa superación dunha proba de madureza e con 17 anos. A proba de madureza pode ser convalidable pola proba de acceso a CM.
- **Grao Medio, 2º nivel:** Ter superaro do 1º nivel.
- **Grao Superior:** Título de Bacharelato ou equivalente ou certificado acreditativo de ter superadas todas as materias de bacharelato + título de grao Medio (Técnico Deportivo). Para algunhas especialidades hai que acreditar méritos deportivos. Para os que non teñan o título de bacharel poden acceder se superan unha proba de madureza e teñan 18 anos. Esta proba pode ser convalidable pola proba de acceso a CS.

#### **Calendario a ter en conta:**

No curso pasado os prazos foron os seguintes:

- **Inscripción nas probas:** Do 6 ao 10 de xullo.
- **Realización das probas:** Ao longo do mes de setembro (cada centro e cada especialidade ten unhas datas concretas).
- **Matrícula nas ensinanzas:** Ata o 18 de setembro.

#### **Postos de traballo:**

Pódeste adicar ao adestramento a equipos, deportistas, dirixir actividades no campo da saúde e do turismo deportivo.

#### **Acceso a outras ensinanzas:**

- O título de Técnico Deportivo da acceso a calquera modalidade de bacharelato.
- O título de Técnico Deportivo Superior permitirá o acceso a estudos universitarios de grao previa superación dos procedimentos de admisión.

### **OFERTA DE ENSINANZAS DEPORTIVAS EN CENTROS PÚBLICOS EN GALICIA:**

[\(Enlace para coñecer a oferta en detalle\)](#)

IES Universidade Laboral (Culleredo)	<b>Fútbol</b>
IES Sánchez Cantón (Pontevedra)	<b>Fútbol e Balonmán</b>
CIFP A farixa (Ourense)	<b>Fútbol sala</b>
IES Nosa Señora Dos Ollos Grandes (Lugo)	<b>Atletismo</b>
IES Río Cabe (Monforte de Lemos)	<b>Fútbol</b>
IES Fermín Bouza Brey (Vilagarcía)	<b>Baloncesto</b> <b>Vela con aparello fixo e aparello libre</b>
IES As Barxas (Pontevedra)	<b>Atletismo</b>

**OFERTA DE ENSEÑANZAS DEPORTIVAS EN CENTROS PRIVADOS AUTORIZADOS EN GALICIA:**

CAD Liceo La Paz (A Coruña)	Fútbol sala, Baloncesto
CADF Real Club Deportivo da Coruña	Fútbol
CADF Federación Galega de Fútbol (A Coruña)	Fútbol e Fútbol sala
CAD Santa Apolonia (A Coruña)	Hípica e vela
CAD Cented (A Coruña)	Fútbol e Fútbol sala
CAD Safe Formación (Ourense)	Deportes de inverno Deportes de montaña e escalada
CADFS Constantino Castro Ruso Federación Galega de Fútbol Sala (Vigo - Pontevedra)	Fútbol sala
CAD Cemar- Mondariz (Pontevedra)	Hípica
CAD Cenafe (Vigo - Pontevedra)	Fútbol
CAD Cip (Vigo - Pontevedra)	Fútbol
CAD Escune (Pontevedra)	Fútbol e Fútbol sala
CAD Montecastelo (Vigo - Pontevedra)	Fútbol
CAD Acadef (Vigo - Pontevedra)	Fútbol
CAD Top Rescue (A Coruña)	Salvamento e Socorrismo Mergullo Deportivo con Escafandro Autónomo
CAD Federación Galega de Judo (A Coruña)	Judo e Defensa Persoal
CAD Manuel Peleteiro (Santiago)	Baloncesto
CAD Tándem	Salvamento e Socorrismo Mergullo Deportivo con Escafandro Autónomo
CAD Jesús Morlán Fariña (Federación Galega de Piragüismo)	Piragüismo

**Enseñanzas para Persoas Adultas**

[\(Enlace para coñecer as ensinanzas de adultos en detalle\)](#)

**En que consisten?**

Trátase dunha formación pública e gratuíta dirixida a calquera persoa que teña cumpridos os 18 anos e que abandonaron o sistema educativo sin obter a titulación básica.

Estas ensinanzas organízanse de xeito algo diferente, tanto nas áreas impartidas como no horario. A titulación acadada é a mesma que nas ensinanzas ordinarias.

Tanto as ensinanzas de Educación Secundaria como de Bacharelato poden ser presenciais ou a distancia.

**Que tipo de oferta hai?**

1. **Ensinanzas de nivel I:** dirixidas a persoas que necesiten adquirir técnicas básicas de lectura, escritura e cálculo. A matrícula está aberta durante todo o curso escolar.
2. **Ensinanzas de nivel II:** dirixidas a persoas sen titulación que desexen acceder á educación secundaria de adultos. Esta formación é equivalente á educación primaria.
3. **Ensinanzas de nivel III:** dirixidas a persoas sen titulación que desexen obter o título de graduado en educación secundaria. Neste caso autorízase a matrícula a alumnos menores

de 18 anos, en casos excepcionais, como ter un contrato laboral, ser deportista de alto rendemento, ter superado o 1º curso de FP Básica, ou ter cursado un FPB sen superala (**pero hai que estar inscrito como demandante de emprego nunha oficina de emprego**). Son as ensinanzas coñecidas como **ESA**.

4. **Bacharelato para persoas adultas:** dirixidas ás persoas que teñan o título de ESO ou ESA, e que desexen adquirir novos coñecementos nunha determinada materia ou obter o título de bacharel en calquera das modalidades.
5. **Ciclos formativos para persoas adultas:** esta formación pretende facilitar ás persoas adultas a súa actualización, adquirindo novos coñecementos nunha determinada competencia profesional, ou para obter o título de técnico ou técnico Superior.
6. **Aulas Mentor:** cursos impartidos a distancia orientados a mellorar a capacitación profesional e a formación cultural das persoas adultas.
7. **Galego e castelán para persoas inmigrantes:** dirixido a cidadáns doutros países, residentes na Comunidade Autónoma de Galicia, que necesiten coñecer as linguas oficiais.

## ***A Educación Secundaria de Adultos (ESA):***

### ***Como se organiza?***

Estas ensinanzas son equivalentes ás da ESO.

As materias organízanse en tres ámbitos de coñecemento:

**1º Ámbito Social:** inclúe contidos de Xeografía e Historia, Economía, Iniciación á actividade emprendedora e empresarial, e os aspectos perceptivos correspondentes ás materias de Educación Plástica e Visual e Música.

**2º Ámbito de Comunicación:** Lingua galega e literatura, Lingua castelá e literatura, Primeira Lingua Estranxeira.

**3º Ámbito Científico—tecnolóxico:** inclúe contidos de Bioloxía e Xeoloxía, Física e Química, Matemáticas, Matemáticas orientadas ás ensinanzas aplicadas, Matemáticas orientadas ás ensinanzas académicas, Tecnoloxía, Tecnoloxías da información e da comunicación, e os aspectos relacionados coa saúde e co medio natural de Educación Física.

### ***Que duración ten?***

Xeralmente duran 2 cursos académicos. Pódese facer a matrícula nun nivel completo ou de forma parcial nun ou dous ámbitos de coñecemento de calquera dos niveis.

En cada curso pódese cursar dous módulos, cunha duración cuadrimestral. Cada módulo correspóndese cun curso de ESO, quedando do seguinte xeito:

**No 1º curso impártese: módulo 1 (1º de ESO) e módulo 2 (2º de ESO)**

**No 2º curso impártese: módulo 3 (3º de ESO) e módulo 4 (4º de ESO).**

Poderás permanecer cursando estas ensinanzas o tempo que o teu ritmo de aprendizaxe o precise. Non hai límite de tempo.

### ***Cales son os requisitos de acceso?***

Hai que cumprir un dos requisitos académicos e un dos requisitos de idade:

**REQUISITOS ACADÉMICOS:**

- Por validación de estudos anteriores. Ver equivalencias\*
- Por superación do módulo anterior.
- No caso de non poder acreditar estudos anteriores superar unha proba de avaliación inicial (en setembro e en xaneiro), e según nivel de coñecementos adscribirase a un módulo ou a outro.

**REQUISITOS DE IDADE:**

- No primeiro cuadrimestre (que se imparte de setembro a xaneiro) poden matricularse todas as persoas que cumpran dezoito anos ata o 31 de decembro. Para o segundo cuadrimestre (que se imparte de febreiro a xuño), poden matricularse os que cumpran dezoito anos ata o 30 de abril.
1. Poderán matricularse con carácter excepcional as persoas menores de 18 anos que xustifiquen documentalmente algunha destas circunstancias:
  2. Ter cursado ensino de persoas adultas con anterioridade.
  3. Ter superado os módulos obrigatorios dun Programa de Cualificación Profesional no anterior curso académico.
  4. Ter un contrato laboral en vigor que non permita asistir aos centros en réxime ordinario.
  5. Ser deportistas de alto rendimento.
  6. O departamento territorial que corresponda, tras o informe favorable da inspección educativa, poderá autorizar a matrícula na educación secundaria de adultos a aqueles alumnos que se encontren en centros de menores, con medidas legais de internamento en réxime pechado.

**Equivalencias entre as materias de ESO cos módulos de ESA:**

<b>Primeiro curso de educación secundaria obrigatoria</b>	<b>Módulo 1 de educación secundaria obrigatoria para persoas adultas</b>
<b>Materias</b>	<b>Ámbito de coñecemento</b>
Matemáticas, Bioloxía e Xeoloxía.	Científico-tecnolóxico
Lingua Galega e Literatura, Lingua Castelá e Literatura e Primeira ou Segunda Lingua Estranxeira.	Comunicación
Xeografía e Historia.	Sociedade
<b>Segundo curso de educación secundaria obrigatoria</b>	<b>Módulo 2 de educación secundaria obrigatoria para persoas adultas</b>
<b>Materias</b>	<b>Ámbito de coñecemento</b>
Matemáticas, Física e Química e Tecnoloxía.	Científico-tecnolóxico
Lingua Galega e Literatura, Lingua Castelá e Literatura e Primeira ou Segunda Lingua Estranxeira.	Comunicación
Xeografía e Historia.	Sociedade
<b>Terceiro curso de educación secundaria obrigatoria</b>	<b>Módulo 3 de educación secundaria obrigatoria para persoas adultas</b>
<b>Materias</b>	<b>Ámbito de coñecemento</b>
Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Académicas ou Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Aplicadas, Bioloxía e Xeoloxía, Física e Química e Tecnoloxía.	Científico-tecnolóxico
Lingua Galega e Literatura, Lingua Castelá e Literatura e Primeira ou Segunda Lingua Estranxeira.	Comunicación
Xeografía e Historia.	Sociedade
<b>Cuarto curso de educación secundaria obrigatoria</b>	<b>Módulo 4 de educación secundaria obrigatoria para persoas adultas</b>
<b>Materias</b>	<b>Ámbito de coñecemento</b>
Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Académicas ou Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Aplicadas, Bioloxía e Xeoloxía, Física e Química e Tecnoloxía. (No caso de non ter cursado algunha das seguintes materias deberá ter superada a materia do terceiro curso).	Científico-tecnolóxico
Lingua Galega e Literatura, Lingua Castelá e Literatura e Primeira ou Segunda Lingua Estranxeira.	Comunicación
Xeografía e Historia.	Sociedade

**Que horario teñen estas ensinanzas?**

Terás ó redor de 20 horas semanais, que normalmente se imparten en horario de tarde.

Na modalidade semipresencial é obrigatoria a asistencia ás titorías de cada ámbito (unha hora semanal para o ámbito social, dúas sesións lectivas para o ámbito de comunicación e outras dúas para o ámbito científico-tecnolóxico).

A modalidade a distancia con titorías telemáticas non supón a asistencia a titorías presenciais. A comunicación cos titores é a través da *Aula Virtual do IES San Clemente*.

### ***Cando solicito praza? (Prazos aproximados)***

#### **Modalidade presencial:**

Prazo xeral de presentación de solicitudes: Primeira quincena de xuño.

Prazo extraordinario de inscrición e matrícula:

1º Cuadrimestre: Primeira quincena de setembro.

2º Cuadrimestre: Primeira quincena de xaneiro.

#### **Modalidade a distancia semipresencial:**

Presentación de solicitudes de admisión e matrícula:

1º Cuadrimestre: Desde comezos de setembro a mediados de xaneiro.

2º Cuadrimestre: Desde comezos de febreiro ó 30 de abril.

#### **Modalidade a distancia telemática:**

Presentación de solicitudes de admisión e matrícula:

1º Cuadrimestre: Desde comezos de setembro ata mediados de xaneiro.

2º Cuadrimestre: Desde comezos de febreiro ata o 15 de maio.

### ***Onde se ofertan estas ensinanzas?***

- **A modalidade presencial e semipresencial pode cursarse nos centros EPA e nos IES autorizados:** EPA Eduardo Pondal (A Coruña), EPA Santa María de Caranza (Ferrol), IES San Clemente (Santiago de Compostela), EPA Albeiros (Lugo), EPA de Ourense, IES de Celanova, EPA Río Lérez (Pontevedra), EPA do Berbés (Vigo).
- **A modalidade a distancia telemática** impártese no IES San Clemente (Santiago de Compostela).

## ***O Bacharelato para Persoas Adultas***

### ***Como se organizan estas ensinanzas?***

Ofértanse dúas modalidades de Bacharelato: Ciencias e Humanidades e Ciencias sociais.

Poden seguirse como curso completo ou por materias de xeito independente.

Se optas por seguir materias de xeito independente poderán cursarse, simultaneamente materias do 1º e do 2º curso.

Na modalidade semipresencial, esíxese a asistencia obrigatoria ás titorías de cada materia (unha hora semanal por cada materia que se curse).

A modalidade a distancia con titorías telemáticas non supón a asistencia a titorías presenciais. A comunicación cos titores é a través da Aula Virtual do IES San Clemente e os exames poden realizarse nas sete principais cidades galegas: Santiago de Compostela, A Coruña, Ferrol, Lugo, realizarse en Santiago de Compostela, Ourense, Pontevedra e Vigo.

### ***Canto duran?***

O tempo de permanencia para cursar estas ensinanzas é de 6 anos académicos (o tempo de permanencia no Bacharelato ordinario é de 4 anos).

No caso de esgotar o 6 anos sen acadar os obxectivos previstos, os alumnos poderán seguir cursando as materias pendentes a través do réxime de ensinanza a distancia ata completaren a formación desexada.

***Cales son os requisitos de acceso?***

Posuír o título de graduado en educación secundaria ou FP de grao medio.

***Onde se ofertan estes estudos?***

- A modalidade presencial e semipresencial pode cursarse nos centros EPA e nos IES autorizados.
- A modalidade a distancia telemática impártese no IES San Clemente (Santiago de Compostela).

***As ensinanzas de adultos na modalidade semipresencial e a distancia.******En que consisten?***

Son as ensinanzas de adultos que permiten realizar os estudos na casa sen a necesidade de acudir diariamente a un centro educativo.

Dispónse de axuda ou de apoio a través de titorías individuais e colectivas, nas que aconsellan e orientan nas dificultades atopadas.

Esixen un grao de responsabilidade e organización maior que nas ensinanzas presenciais, e aínda así, teñen o risco de abandono, por non ter que acudir diariamente ó centro.

Estas ensinanzas son gratuítas. Solo hai que mercar o material didáctico (textos, guías, conexión a internet, ..).

***Que oferta hai?***

Como xa se sinalou anteriormente:

- ESA.
- Bacharelato
- Ciclos formativos de formación profesional.
- Ensinanza oficial do idioma inglés.

***Aulas Mentor******Que son e a quen van dirixidas?***

Ensinanzas non regradas para persoas adultas, abertas, flexibles e a distancia, con titoría telemática a través de internet. Esta oferta formativa permite actualizar o perfil profesional, potenciar o acceso ao emprego e aumentar a formación básica. Están dirixidos a persoas maiores de 18 anos que desexen formarse para acceder a un posto de traballo ou aumentar o seu nivel cultural. Non se require titulación previa.

***Como se organizan e que acreditación se acada?***

As aulas onde se realizan as actividades de formación dispoñen de recursos tecnolóxicos avanzados, así como de un profesor-administrador que axuda aos alumnos nas súas conexións á rede e na comunicación co seu titor. O alumno recibe unha conta de conexión gratuíta a internet e non necesita asistir á aula, excepto para realizar a proba final presencial. Os cursos poden iniciarse calquera día do ano escolar e cada alumno segue o seu propio ritmo de aprendizaxe. O titor non está na aula, comunícase co alumno por correo electrónico e contesta

en 24 horas a todas as dúbidas.

Ao superar o curso, o alumno recibe unha certificación de aproveitamento emitida pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e o Ministerio de Educación.

Podes atopar un aula Mentor no centro EPA Eduardo Pondal (Coruña). Pregunta no teu departamento de orientación a oferta de aulas Mentor en Galicia.

#### OFERTA DE ENSEÑANZAS DE ADULTOS EN CORUÑA:

Coruña, A	EPA Eduardo Pondal	R/ Pepín Rivero, 3 15011 A Coruña Tfno.: 981278035	- Ensinanzas básicas iniciais (presencial e semipresencial). - Educación secundaria para persoas adultas. - Educación secundaria para persoas adultas (semipresencial). - Bacharelato semipresencial. - Castelán e galego para inmigrantes. - Aula Mentor.
	IES Fernando Wirtz Suárez	R/ Cabaleiros, nº 1 15006 A Coruña Tfno.: 981230643	- Educación secundaria para persoas adultas. - Bacharelato.
	IES Salvador de Madariaga	R/ Paseo de Ronda, 49 15011 A Coruña Tfno.: 981255143	- Educación secundaria para persoas adultas. - Bacharelato.
	IES Eusebio da Guarda	Praza de Pontevedra, 20 15003 A Coruña Tfno.: 981223513	- Educación secundaria para persoas adultas. - Bacharelato.

### Probas libres para a obtención do título de Educación Secundaria

[\(Enlace para coñecer as probas libres de ESO en detalle\)](#)

#### ***En que consisten?***

Se non acadache o título de educación secundaria pola vía ordinaria ou por adultos, podes acadalo superando unha proba que se convoca anualmente, no mes de maio e setembro.

#### ***Que requisitos hai que cumprir?***

Deberás ter cumpridos os 18 anos antes da celebración da proba e ademais non posuír o título de ESO ou Superior.

#### ***Que trámites teño que realizar?***

Deberás entregar unha solicitude de matrícula para a proba, a fotocopia do DNI e unha certificación de áreas superadas de 4º de ESO (se é que tes algunha superada), nos IES que a administración autorice. A solicitude podes conseguila en calquera instituto.

Unha vez matriculado deberás estar pendente das datas, horarios e centros onde se realicen os exames.



O prazo de matrícula nas probas é en marzo e xuño. As probas son en maio e setembro.

### ***En que consisten os exames? terá tres partes:***

- **Ámbito de comunicación:** comprenderá exercicios de lingua galega e literatura, lingua castelá e literatura, e lingua estranxeira.
- **Ámbito científico-tecnolóxico:** comprenderá exercicios matemáticas, física e química, bioloxía e xeoloxía, tecnoloxía e aspectos relacionados coa saúde e o medio natural do currículo de educación física.
- **Ámbito social:** exercicios de xeografía e historia, economía, iniciación á actividade emprendedora e empresarial, e aspectos perceptivos de educación plástica e visual e música.

### ***Cantas veces me poden presentar ás probas?***

Todas as veces que o desexes, tanto na convocatoria de maio como na de setembro.

Se superas algún ámbito, resérvase a nota, de xeito que non terás que volver a examinarte dos ámbitos superados.

Tamén debes saber que se tes superado algún grupo de áreas de 4º de ESO, quedarás libre de examinarte nese grupo, tal e como se sinala a continuación:

Ámbitos validables da proba libre de ESO	Materias de 4º de ESO superadas
<b>Ámbito de comunicación :</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Lingua galega e literatura</li> <li>- Lingua castelá e literatura</li> <li>- Primeira ou segunda Lingua estranxeira</li> </ul>
<b>Ámbito Científico — Tecnolóxico:</b> <i>(no caso de non ter cursado algunha das seguintes materias deberá ter superada a materia do terceiro curso)</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Matemáticas orientadas ás Ensinanzas Académicas ou Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Aplicadas.</li> <li>- Física e química</li> <li>- Bioloxía e xeoloxía</li> <li>- Tecnoloxía</li> </ul>
<b>Grupo de Ciencias Sociais:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Xeografía e historia</li> </ul>

### ***E despois da proba?***

Se a superas serás proposto para a expedición do título de educación secundaria obrigatoria no centro onde realizaras as probas, e por suposto terás acceso directo a Ciclos formativos de grao Medio e calquera modalidade de Bacharelato.

## **Forzas e Corpos de Seguridade**

[\(Enlace para coñecer as Forzas e Corpos de seguridade en detalle\)](#)

### ***Oposicións ó Corpo da Garda Civil (Escala de Cabos e Gardas):***

#### **Requisitos:**

- Nacionalidade española
- Acreditar boa conducta cidadana (mediante certificado e informe)

- Carecer de antecedentes penais
- Ter entre 18 e 40 anos.
- Posuír o título de ESO ou Superiores ou acreditar a superación da proba de acceso a Ciclos de Grao Medio.
- Posuír o permiso de condución clase B ou Superior.
- Posuír a aptitude psicofísica acreditada.
- Altura: mulleres 1'60 e homes 1'65, máximo 2'03.

**Solicitud:** As Instancias, impresos e taxas de exame serán facilitadas e presentadas nos postos e Comandancias da Garda Civil. As instancias se presentarán no prazo de 20 días naturais, contados a partir do día da publicación da convocatoria no BOE.

### **Probas De Selección:**

1º fase de concurso: consistirá na valoración dos méritos académicos e profesionais do aspirante e terá en conta os méritos académicos (notas, idiomas da escolas oficiais de idiomas, títulos académicos (Bacharelato, Ciclos formativos, selectividade, titulación universitaria, etc.) e os méritos profesionais (carreira militar).

2º fase de oposición: consistirá no desenvolvemento das seguintes probas:

- ✓ Ortografía: exercicio eliminatorio cunha duración de 10 minutos.
- ✓ Coñecementos: contestación por escrito a unha enquisa de 100 preguntas sobre materias xurídicas, socioculturais e técnico-científicas. Cunha duración de hora e media.
- ✓ Lingua estranxeira: contestación por escrito a unha enquisa de 20 preguntas sobre o idioma (inglés ou francés), durante 20 minutos.
- ✓ Psicotécnica: probas que miden factores aptitudinais e variables comportamentais (personalidade).
- ✓ Acreditación da aptitude psicofísica:
  - Exercicios físicos: proba de velocidade, proba de resistencia muscular, proba de potencia do tren Superior, proba extensora do tren Superior e proba de natación.
  - Recoñecemento médico: aplicarase un cadro médico de exclusións.
- ✓ Entrevista persoal: destinada a contrastar os resultados das probas psicotécnicas e a adecuación do aspirante ó perfil profesional do garda civil.

Unha vez superadas as probas de selección o aspirante terá un prazo para a entrega de documentación e pasará por dous períodos de formación:

- 1º período de formación: un curso académico en centro docente.
- 2º período de formación: formación en prácticas durante un ano.

### **Acceso á carreira de Oficial da Garda Civil:**

Accédese por promoción interna ou por acceso directo de todos aqueles que cumpran os seguintes **requisitos:**

- Nacionalidade española
- Ter entre 18 e 21 anos
- Carecer de antecedentes penais
- Non atoparse nun proceso ou imputado nalgún procedemento xudicial por delito doloroso
- Non atoparse inhabilitado para o exercicio da función pública nin ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera administración pública.

- Cumprir os requisitos de acceso aos estudos universitarios.

**Probos de selección:**

- Lingua Inglesa
- Aptitude psicofísica: probas físicas, psicolóxicas e recoñecemento médico.

**Titulación:**

- Tras cinco cursos de formación obtense a graduación de Teniente e o título civil de grao universitario de Enxeñaría da Seguridade.

***Oposicións a Policía Local:***

Pódese acceder ao corpo de policía local municipal mediante a superación do proceso selectivo convocado nos concellos.

Para poder optar terás que realizar unhas oposicións que constan de probas físicas, exames e superar unha serie de requisitos.

**• Requisitos:**

- Ser maior de idade.
- Ter a nacionalidade española
- Unha altura mínima de 1,65 cm para os homes y 1,60 cm para as mulleres
- Non ter enfermidade ou defecto físico que poida dificultar, limitar ou impedir o desenvolvemento das actividades propias da Policía Local.
- No ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.
- Carecer de antecedentes penales por delitos dolosos.
- Declaración xurada de compromiso de portar armas e utilizalas nos casos previstos na lei.
- Título de bacharelato ou equivalente.

**• As probas do proceso selectivo en Galicia son as seguintes:**

- As probas físicas:
  - Tren Superior: Flexións de brazo (homes) e suspensión en barra (mulleres)
  - Tren Inferior: Salto horizontal
  - Resistencia: Carreira de 1000 metros lisos.
  - Velocidad: Carreira de 50 metros lisos.
  - Natación: 25 metros estilo libre.
- A proba escrita: Consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de 100 preguntas tipo test, con 4 alternativas de resposta cada unha, que serán propostas polo tribunal. Os aspirantes disporán dun máximo de dúas horas para a súa realización. 40 temas.
- Proba de coñecemento do galego.
- Proba psicotécnica para avaliar o perfil psicolóxico, e consistirá nunha proba de intelixencia e noutra de persoalidade.
- Recoñecemento médico.

***Oposicións ó Corpo Nacional de Policía:*****Ingreso na escala básica**

**Requisitos:**

- Ser español.
- Maior de 18 anos.
- Estatura mínima de 1´65 nos homes e 1´60 nas mulleres.
- Ter o título de Bacharelato ou equivalente.
- Declaración xurada do solicitante de compromiso de portar armas.
- Non estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.
- Estar en posesión do permiso de conducir clase B.

**Solicitudes:** As instancias e os impresos serán facilitados e presentados nas xefaturas e comisarías de policía. As solicitudes presentaranse no prazo de 20 días naturais contados a partir do día seguinte da súa publicación no BOE.

**Probos de selección:**

1ª fase de oposición: constará das seguintes probas de carácter eliminatorio:

- Proba de coñecementos: contestación a unha enquisa de preguntas sobre as materias xurídicas, sociais e materias técnico – científicas (acorde co temario correspondente) , e proba de ortografía.
- Proba de aptitude física: tendente a comprobar as condicións de forza, axilidade, velocidade e resistencia do/da opositor /a.
- Proba psicotécnica: realización de varias enquisas para determinar a personalidade do aspirante e entrevista persoal.
- Recoñecemento médico: para comprobar que se cumpre o cadro médico de exclusións.
- Exercicio voluntario de idiomas: francés ou inglés con un nivel de ESO, a nota do cal se sumará á de coñecementos.

2ª fase de formación e prácticas: Os opositores que superasen a fase de oposición e presentaran nos prazos establecidos a documentación esixida, serán nomeados policías – alumnos e incorporaranse ó centro de formación da división de formación e perfeccionamento. Primeiro realizarán unha fase teórica, tendo que superar todas as materias para poder pasar á fase práctica. Para a superación das dúas fases disporán dunha convocatoria ordinaria e unha única extraordinaria.

**Ingreso na escala executiva**

**Requisitos:** Os mesmos que para a escala básica excepto no título académico, que deberá ser de graduado universitario.

**Solicitudes:** Igual que na escala básica.

**Probos de selección:**

1ª oposición:

- Probos de aptitude física: para comprobar as condicións de forza, axilidade, flexibilidade, velocidade e resistencia.
- Proba de coñecementos: enquisa de preguntas sobre o temario, resolución dun suposto práctico e exercicio escrito e oral de idiomas (inglés ou francés) cun nivel de 2º de Bacharelato.
- Proba psicotécnica: tests de personalidade e entrevista persoal.
- Recoñecemento médico: para comprobar que se cumpre o cadro médico de exclusión.

**2º cursos de formación:** Realización de 2 cursos académicos ordinarios no centro docente correspondente, cursando materias das áreas xurídica, psico-social, técnicas policiais, tecnoloxía aplicada, e educación física.

1º curso será selectivo e irrepetible, e quen non o supere na convocatoria ordinaria, ou única extraordinaria, causará baixa no centro docente e perderá toda expectativa de ingreso.

2º curso poderá repetirse completamente unha soa vez.

**3º período de prácticas:** será un módulo irrepetible destinado a valorar unha serie de características persoais: responsabilidade, adicación, disciplina, integridade, espírito de equipo, decisión e corrección.

### **Inspector de Policía:**

Son requisitos os mesmos que para policía Escala Básica, só que se ascendería por promoción interna tendo estado tres anos en permanencia mínima na categoría de Subinspector. Por oposición libre necesítase ser Graduado Universitario ou ter formación equivalente ou superior.

### ***Oposicións os corpos de institucións penitenciarias:***

Existen **4 escalas** ou corpos:

- Corpo de axudantes: título de Bacharelato ou Ciclo de grao Superior.
- Corpo de técnicos: título de graduado en dereito, psicoloxía, socioloxía ou pedagogía.
- Corpo facultativo: título de graduado en medicina e cirurxía.
- Corpo de enfermeros: título de graduado universitario en enfermería.

Para o acceso a cada corpo é preciso superar un **proceso de selección** que consistirá na superación das seguintes probas:

1ª proba de coñecementos: enquisa de preguntas sobre o temario.

2ª proba de casos prácticos.

3ª proba de aptitude médica: para comprobar que cumpres o cadro de exclusións médicas.

4º período de formación teórico – práctico ( unha vez superado o proceso de oposición).

### ***Oposicións para o ingreso na escala Superior de técnicos de tráfico:***

Para ingresar neste corpo é preciso estar en condicións de acceder ao título de grao universitario ou ter un título universitario.

Deberase superar un proceso de selección consistente en 2 fases:

- **1ª fase de oposición:** superación de varias probas escritas acorde co temario correspondente.
- **2ª fase: curso selectivo:** preparación específica para o exercicio da profesión cunha duración non maior de 6 meses.

### ***Soldado Profesional:***

- **Tropa e marineria:** Requisitos de idade, entre os 18 e os 29 anos. Requisitos académicos mínimos: Ter o título de Graduado en ESO ou ter aprobada a proba de acceso a Ciclos Formáticos de Grao Medio. Para entrar pídese cita á Delegación de Defensa e realízanse probas físicas, test de coñecementos e recoñecemento médico. Unha vez ingresado, dase unha formación xeral de dous meses e logo outra específica cunha duración de 1 a 10 meses. Dase a opción de cursar unha FP de Grao Medio e de preparar o acceso á escala de suboficiais ou policía, ... . Se levas 18 anos e cumpres os requisitos académicos, podes ascender a Militar de Carreira coa categoría Tropa. Neste corpo podes ascender a Cabo, Cabo 1º ou Cabo Maior.
- **Militar, Escala Suboficiais:** Requisitos: Ter o título de bacharelato ou equivalente, proba de acceso a CS de FP superada, ter entre 18 e 22 anos, estar libre de antecedentes penais, superar unha proba de ingreso.
- **Militar, Escala Oficiais:** O acceso directo é a forma de acceder á condición de Militar de Carreira. Os requisitos particulares varían según a forma de acceso, os Corpos e Escalas. Existen unhas condicións por titulación para o acceso a cada Corpo e Escala dentro da Carreira Militar. Requírese ter a Selectividade ou un Título de Técnico Superior, de familias relacionadas con Arquitectura ou Enxeñerías.

### **Corpo de Bombeiros:**

- **Requisitos de acceso:** Ser español ou membro da Union Europea. Ter 18 anos de idade. Normalmente non hai limite de idade superior, pero a entidade local convocante pode poñer o limite de idade superior que estime. Graduado en ESO ou Formación Profesional de Grado Medio ou equivalente. Nalgúns concellos esíxese Bacharelato ou FP de Grao Superior para Bombeiro Especialista ou Bombeiro condutor Especialista. Permisos de conducir B y C. Para prazas de Bombeiro condutor poden pedir o carné C+E. Non obstante o organismo convocante pode modificar a esixencia destes carnés. Altura: non hai nada definido; existen convocatorias nas que non hai altura mínima esixida e noutras poden solicitar 1,65 m. Non ter sido condenado polo delito doloso, nin separado do servizo do Estado, da Administración Autonómica, Local ou Institucional, nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.
- **Probas selectivas:** Físicas, de coñecementos, prácticas e recoñecemento médico.
- **As prazas son convocadas normalmente polos concellos** polo que é preciso consultar nas súas webs.

## Prazos xerais de Inscripción e Matrícula

(As datas son aproximadas, debes preguntar no teu centro as datas exactas e anotalas neste caderno).

### **Probas de acceso a Ciclos Medios:**

- **Inscripción:** en marzo. Recóllese e entrégase o impreso na Secretaria dun centro de FP ou vía web ([edu.xunta.es/fp](http://edu.xunta.es/fp)).

### **Bacharelato:**

- **Reserva de praza para cursar bacharelato no propio centro:** En febreiro. Impreso a recoller e a entregar en Secretaria.
- **Solicitud de praza no bacharelato noutros centros:** En marzo. Entregar o impreso en Secretaria do centro elixido en 1º lugar.
- **Matrícula:**
  - Ordinaria (para os que titulen en ESO en xuño): Do 25 de xuño ao 10 de xullo.
  - Extraordinaria (para os que titulen en ESO en Setembro) : Do 1 ao 10 de setembro.

### **Ciclos de Formación profesional específica:**

- **Inscripción para os que cumpran os requisitos no período ordinario—xuño:** do 17 de xuño ao 2 de xullo.
- **Inscripción para os que cumpran os requisitos no período extraordinario—setembro:** do 1 ao 10 de setembro.

A inscrición realízase obrigatoriamente online, na web [edu.xunta.es/fp](http://edu.xunta.es/fp). A solicitude online xera unha instancia en PDF que deberá entregarse dentro do prazo na secretaría dun centro de FP.

So se pode presentar unha única instancia por réxime (ordinario / adultos) con todas as preferencias, ata cinco peticións en total.

- **Matrícula:**
  - Ordinaria: A partir de mediados de xullo haberá 2 adxudicacións con catro días para matricularse a partir do día en que se é admitido.
  - Extraordinaria: En setembro haberá dúas adxudicacións con 4 días para matricularse a partir do día en que se é admitido.

### **Formación Profesional Básica:**

Os prazos están aínda sin determinar, pero aproximadamente son os seguintes:

- Solicitud de praza: Do 1 ó 10 de setembro.
- Matrícula: Do 11 ó 20 de setembro.

### **ESA presencial:**

- Inscripción: Primeira quincena de xuño.
- Matrícula: 1º Cuadrimestre: Primeira quincena de setembro. 2º Cuadrimestre: Primeira quincena de xaneiro.

### **ESA a distancia, semipresencial:**

- Matrícula 1º Cuadrimestre: Desde comezos de setembro ata mediados de xaneiro.
- Matrícula 2º Cuadrimestre: Desde comezos de febreiro ata o 30 de abril.

### **ESA a distancia, telemática:**

- Matrícula 1º Cuadrimestre: Desde comezos de setembro ata mediados de xaneiro.
- Matrícula 2º Cuadrimestre: Desde comezos de febreiro ata o 15 de maio.

<http://monicadizorienta.blogspot.com>

